


A fala de Vigo

*Trazos diferenciais da variedade
dialectal do Val do Fragoso*




Xosé-Henrique Costas González

Concello de Vigo
Asociación Faladoiros Vigo
Universidade de Vigo

Limiar de Xosé Luís Méndez Ferrín

**CONCELLO
DE VIGO**



Edición

Concello de Vigo
Servizo de Normalización Lingüística

Deseño gráfico da portada

Tania Sueiro
Área de Imaxe
Vicerreitoría de Comunicacións e Relacións Institucionais

Maquetación e impresión

Gráficas Anduriña

Edición revisada e aumentada

ISBN (libro impreso)

978-84-92425-53-2

Depósito legal

PO 282-2025

© Concello de Vigo, 2025

© Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, 2024

© Xosé-Henrique Costas e Asociación Faladoiros Vigo

Mapas elaborados con materiais do ALGA

Sen o permiso escrito do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo, quedan prohibidas a reprodución ou a transmisión total e parcial deste libro a través de ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluídos a fotocopia, a gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación.

A fala de Vigo

*Trazos diferenciais da variedade
dialectal do Val do Fragoso*



*Xosé-Henrique Costas González
Universidade de Vigo
Concello de Vigo*

*Coa colaboración especial de:
Ramón Anxo Martíns Seixo
(EOI de Vigo)*

Asociación Faladoiros Vigo



SAÚDA DO ALCALDE

A fala é un dos sinais máis auténticos da nosa identidade. Vigo, cidade acolledora, moderna e sensible, é o berce dunha variedade dialectal do galego que reflicte a súa historia, a súa cultura e o carácter aberto da súa cidadanía.

O libro que nos ocupa compila e pon en valor as peculiaridades do galego falado no noso concello, unha lingua viva que evoluciona con nós, que medra, e cambia pero sempre permanece. Esta obra é unha contribución fundamental para o estudo, a preservación e o recoñecemento da nosa forma de falar, que é, en definitiva, unha parte esencial da nosa cultura e do noso sentimento de pertenza.

Como alcalde de Vigo, quero felicitar a Xosé Henrique Costas por este traballo, rigoroso e apaixonado, que afonda na nosa identidade lingüística e contribúe a reforzar o orgullo polo noso idioma. Estou seguro de que esta publicación servirá para que as novas xeracións sigan mantendo e enriquecendo esta herdanza única que nos fai singulares dentro da gran diversidade do galego.

Viva Vigo e viva o galego!

Abel Caballero
Alcalde de Vigo



VIGO

Heite de recordar con parrumeira
na rude procesión da madrugada
de ir traballar, submersa na alborada
que te invade metálica e mareira.

Heite de amar formando barricada
de claro desespero, abrindo xeira
de nova promisión, roxa fogueira
prendendo de protesta meditada.

Heite soñar a modo pra saberte,
ouh cidade, de fílgura clasista,
caldeiro de ferver ou mar humano,

e hei de agardar un día que desperte
cunha lúcida luz nacionalista
e un cálido fragor republicano.

Darío X. Cabana, *Patría do mar*, 1989

Ás viguesas e vigueses que falan con orgullo e transmiten cada día o noso idioma milenario, grazas a eles o galego resiste e re-existe.

A Marta Souto, amiga, celtista e entusiasta normalizadora da lingua galega en Vigo, porque ela sempre quixo que este libro "mirase" a luz.

A Nacho Mirás Fole, xornalista e gai-teiro da ilustre estirpe d'Os Morenos de Lavadores, porque dunha feita acordoume ditos e palabras de cando eramos pequenos.

Ás amigas e amigos da Asociación Faldadoiros-Vigo, militantes no voluntariado pola lingua e exemplares na súa defensa alegre, xenerosa e comprometida.

A Xosé Luís Méndez Ferrín, mestre e amigo ourensano-vigués que se entusiasmou cando lle propuxemos facer o prólogo deste libro, polo moito que lle quere á súa terra de acollemento e á variedade do galego que falamos.

A miña nai, Aurora González, polo leite da lingua; ás avoas Aurora "do Porto", de Sárdoma, e Amparo "do Ché", de Castrelos; e a todas as avoas do Val do Fragoso que nos deixaron en herdanza esta variedade de galego.



LIMIAR

I

Otero Pedrayo, que era un gran definidor de territorios e comunidades, ten dito que Vigo, máis ca unha cidade, constitúe unha bisbarra complexa. Lembreino ao ler o orixinal do libro que teño a honra de presentar e que o lector está a encertar neste intre. Eu, pola miña banda, réndome á intuición do Mestre para entender a primeira cidade de Galicia desde o seu punto de vista.

A presente obra de Xosé-Henrique Costas González estuda sistematicamente a lingua tradicional de Vigo e o seu *hinterland* e as variedades que amosa. Faino desde a obxectividade científica pero confesándose parte entusiástica do tema. O profesor Costas, alén de lingüista e filólogo en toda a extensión da palabra, é partisano do pluralismo da lingua humana, que el sempre defende; e sempre do lado máis difícil da contradición.

Neste sentido, tenlle dedicado unha atención especial aos falares dos territorios nos que o galego se acha peor tratado polos poderes públicos: Asturias, León e Zamora, e o val do Ellas en Cáceres. A estas comunidades galegófonas dedicou Costas esforzos de investigación e publicacións pioneiras, nun constante labor de animación sociolingüística. E el entrou, solidariamente, á Estremadura española de lingua portuguesa e á Miranda do Douro leonesa que a República veciña e o Estado español descoñecen con soberbia anacrónica e imperial.

Diciamos que Xosé-Henrique Costas é un filólogo en plenitude. A súa dedicación á literatura levouno a Álvaro Cunqueiro, o que o situou inequivocamente como o mellor coñecedor da obra do mindoniense, especialmente da súa poesía e traducións poéticas.

Por parte, celebramos con ledicia a presenza de Xosé-Henrique Costas na literatura de creación con dúas excelentes novelas históricas tituladas *Ao sur da liberdade* (Morgante, Cangas, 2023) e *Entre a vontade e o destino* (Morgante, Cangas, 2024). Agardamos del máis narrativa.

II

De obra de dezaoito anos eu viñen vivir, cos meus pais, a Vigo e aquí xunteime coa *harka* (diciase moito a palabra, coido que bérbere de procedencia) do que eran líderes dous camaradas inesquecíveis: Manuel Germade Domínguez e Perfeito Balado Costas. Ambos os dous, sardo-meiros con casa familiar en Miraflores, nome que tamén levaba o castelo da Oriana ou Oureana do Amadís. Eles foron os meus mentores no coñecemento e exploración de partes do territorio municipal de Vigo que exceden o centro da “grande urbe atlántica” -que dicía habitualmente Paz Andrade. Cada domingo de verán, e durante varios anos, viaxamos a pé por camiños, falamos en tabernas e participamos nas festas de todas as parroquias de Vigo, nas que se inclúen as da Ribeira, ou sexa do Berbés.

Na compañía dos citados, e outros máis, aprendín expresións e palabras galegas, para min novas, como foron *cáncaro*, *viño de mazán*, *ferro do monte*, *fuiña*, *martagaño*, *alcouve*, *labishome*, *charrao*, *pirú*. Mesmo aprendín a detectar a procedencia de calquera vígués pola súa pronunciación e vocabulario; non tanto coma o profesor da obra de Shaw, iso sí. Por aqueles días impresionoume o Berbés nocturno e de mañá cedo, co galego expandíndose en moitedume monolíngüe. E, especialmente, gocei coas poxas na nosa lingua, de baixo arriba, na doca de Altura.

Agora encóntrome con este libro de Xosé-Henrique Costas que ilumina e converte en ciencia, aínda que enchida de afectividade, aquilo que eu ignoraba ou permanecía na miña memoria en estado fragmentario.

Sinto que o galego de Vigo alenta con naturalidade no que eu falo e escribo. E dou beizóns á Fortuna por me ter permitido vivir, en anos de formación, nesta cidade e bisbarra complexa.


A Fala de Vigo une, pois, á metódica estrita da dialectoloxía, un ben escribir e un saber interesar o lector, que somos nós. Gozade do libro.

Xosé Luís Méndez Ferrín
Vigo, abril de 2025

INTRODUCCIÓN

O actual concello de Vigo, resultado da fusión de Vigo, Bouzas e Lavadores, sitúase xeograficamente no Val do Frago, bacía vertebrada polo antigo río Sárdoma, hoxe chamado Lagares –e tamén Gandariña nalgún tramo–, e os seus afluentes Sardomela, Cernades, Rego, Elfonso e Barxa. Trátase dun val aberto ao mar e cinxido pola coroa verde dos montes de Coruxo, Alba, Outeiro do Gato (chamado Cepudo desde 1950), serra do Galifeiro e cordal do Vixiador ata A Madroa. Neste concello de Vigo hai tres parroquias que son transicións xeográficas e lingüísticas ao Val Miñor: Oia, Saiáns e Zamáns.


O estudo máis importante sobre a fala de Vigo foi o que elaboraron nos anos 1974-1975 os lingüistas do ILG cando realizaron o *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)* e situaron un punto de enquisa en Moledo-Sárdoma, o P-24.

Mapa 1: Blocos e áreas lingüísticas do galego¹

Segundo a clasificación do catedrático e académico Francisco Fernández Rei (1990), coautor do *ALGa*, a fala do Val do Frago pertence á **microsubárea Frago-Morrazo** das falas surpontevedresas, dentro do bloque occidental das falas galegas. Ten os trazos propios do bloque occidental (*gheada*, *seseo*, terminacións en *mañán*, *pantalóns*, *comeches* etc.) e as características diferenciais desta microsubárea da ría de Vigo.

¹Fonte: https://gl.wikipedia.org/wiki/Áreas_linguísticas_do_galego#/media/Ficheiro:Galician_linguistic_areas.PNG

A grandes trazos, este gran bloque occidental xébrase dos bloques central e oriental polas isoglosas da terminación plural **-ns** das palabras agudas rematadas en **-n**: *cancións*, *reféns*, *ruíns*, *lambóns*, *comúns* (*canciós*, *lambós*...no bloque central e *canciois*, *lambois*...no oriental); e pola terminación **-án** (do latín -ANU/A) indiferente para masculino e feminino: *a masán*, *a mañán*, *a/o irmán*, *a/o chan* (*A Chan da Lagoa*, *As Chans*), *o verán*, *a man*, *a lan*, *a ran* etc. (*a mazá*, *a mañá*, *a irmá*, *o chao*, *o irmao*, *o verao*, *a mao*, *a la*, *a ra* no resto de falas galegas). Na toponimia viguesa temos exemplos abondos destas solucións occidentais como *Baruxáns*, *Saiáns*, *Esturáns*², *Os Peóns*, *Os Porriáns*...e *O Pompeán*, *A Ran*, *A Quintán*³, *A Fontán* etc.



Mapa 2. Diferenzas macrodialectais do sur de Pontevedra

Tanto é así que, analoxicamente, debido a ese dominio das terminacións en **-án**, e non en **-á**, o topónimo Matamá acabou sendo pronunciado popularmente como *Matamán* e o seu xentilicio foi *matamanexo/a*, con **-n-** intervocálico procedente do **-n** final de *Matamá-n*. En Valadares temos tamén un *A Regamán*, que debería ser en galego común *A Regamá*; como o haxiotopónimo occidental *San Fins* (<FELICE) que debería ser **San Fis* (como *San Fiz* na zona non seseante) ou o apelido *Miguéns* (<*MICAELIZ) da Arousa norte que debería ser **Migués* (*Miguez*), pero toman a mesma terminación analóxica **-ns** de *rins*, *cancións*, *patíns*, *xardíns*, *Martíns* etc, do galego occidental.

Os principais trazos caracterizadores da microsubárea Morrazo-Fragoso irémolos debullando nas seguintes páxinas que, querendo ser unha mostra da nosa maneira de falar, non pretenden ser exhaustivas.


²Xentilicio de Asturias, significa logo “asturianos”, outro topónimo de repoboación, como Cambeses, en Cabral, que alude a poboadores chegados do Val de Camba, actual concello de Rodeiro.

³Na Galicia atlántica a forma feminina en topónimos e apelidos é *Quintán* (como *mañán* e *mazán*) non **Quintana* (Praza da **Quintana*, cando historicamente foi Praza da *Quintán*), da mesma maneira que na Galicia central e oriental é *Quintá* (como *mañá* e *mazá*).

No Val do Fragoso hai unha certa correspondencia entre a súa orografía e a microdivisión dialectal interna. Como iremos vendo, podemos distinguir tres zonas dialectais, o Fragoso Norte, situado grosso modo ao norte do río Lagares, o Fragoso Sur, ao sur do Lagares, e o Fragoso Mixto, o das parroquias ribeirás do río que participan por igual dos trazos do norte e do sur. Á parte, temos as transicións ao Miñor das parroquias de Oia e Saíáns; a parroquia de Zamáns é maiormente máis Miñor ca Fragoso.



Mapa 3: Val do Fragoso, orografía e hidrografía



Mapa 4: zonas microdialectais en Vigo:


Fragoso norte (FN): Teis, Candeán, Centro (antigas parroquias de Santiago e Santa María de Vigo), Lavadores e Cabral; **Fragoso sur (FS):** Coruxo, Comesaña, Matamá, Valadares, Beade, Bembrive e parte alta de Castrelos; e **Fragoso mixto (FX)** ou de intersección **das anteriores:** Navia, Alcabre, Coia, Bouzas, Freixeiro, Castrelos e Sárdoma. Oia, Saíáns e Zamáns son zonas de transición entre os vales do Fragoso e o Miñor (Nigrán, Gondomar e Baiona), de feito, xeograficamente, Zamáns é a cabecera do Val Miñor. O norte de Teis, sendo Fragoso, ten algún trazo diferente que o aproxima á fala de Redonde-la-Soutomaior.

da Aceña), *As Penisas, Roris, O Ripanso, Os Ameases, Suasálvares*⁴...ou tamén ultracorreccións do seseo: *O Chouzo, As Cies, O Rocío*⁵, topónimos que se deberían escribir correctamente en galego como *O Chouso*⁶, *As Sías* e *O Resío*.


Ás veces, algúns falantes seseantes, sobre todo xente maior pouco escolarizada -ou sexa: pouco castelanizada-, ao trataren de pronunciar a interdental [θ], articulaban a labiodental [f] e así decían: *bacallau de Esco[f]ía*⁷. Para os nativos das parroquias de Vigo hai moitas palabras que nos soan "raras" pronunciadas sen gheada (*ghicho, aghuadisar, ouroghes, ghichar*...) ou sen seseo (*toutiso, sudre, petouraso, lusincú, denusiña, tirisón*...), tanto no galego común coma mesmo no castelán (de Vigo).

No vocalismo tónico, o galego de Vigo presenta as mesmas **metafonías nominais** normais do occidente lingüístico galego: *nôvo, sôgro, pôsto, ôllo* pronunciadas con [o] fechado (representado aquí como **ô**); *êla, aquêla* articuladas con [ɛ] aberto non etimolóxico, ou *rôla, pègha, hòra, mèsa*, pronunciadas con vogal aberta non etimolóxica (representadas aquí como **è, ò**). Tamén ten a nosa fala a típica **trabazón da nasal** do galego occidental ao pronunciarmos *dênte, têmpo, fônte, pôn-te, pensamêto*...con vogais tónicas fechadas por efecto da nasal trabante na sílaba, cando na metade centro oriental e oriental de Galicia son pronunciadas con vogal aberta: *dènte, tèmpo, pensamèto* etc.

Así como a metafonía por -o final é común a todo o occidente galego, algunhas das formas con vogal tónica aberta en presenza de -a final abranguen territorios moi reducidos do occidente do dominio galego. Baste con mirarmos a forma *rôla*, pronunciada con vogal tónica aberta, exclusiva de Vigo, cando no resto do territorio lingüístico galego as pronuncias son *ròla*, con vogal fechada, e *rula*.



Mapa 6: metafonías e trabazóns nasais, diferenzas entre o occidente e o centro-oriente.



Mapa 7: aberturas vocálicas non etimolóxicas en presenza de -a final.

⁴ Como no resto do territorio lingüístico galego, tan rico en toponimia, son moitos os microtopónimos vigueses derivados de SUB- (debaixo de): Sorrego, Suahoria, Sucido, Suocamiño, Suacira, Solevada, Sospalleiros...

⁵ Resío vén do latín RESIDUUM, ourceira dunha leira ou lugar nunha marxe onde se botan o reboutallo dos labores agrícolas. A igrexa católica entendeu Rocío por Resío e hoxe a parroquia do Resío é Nuestra Señora del Rocío (y olé!).

⁶ Chouso vén do latín CLAUSUM, referido a un terreo cercado.

⁷ Xa hai exemplos destes fenómenos no galego medieval e no galego medio.

A novidade do galego de Vigo dentro do galego común e do bloque occidental é a **inestabilidade do /ε/** tónico aberto que provoca a pronuncia de voces como *nêve*, *mêl*, *dês*, *quêre*, *fêrve* con **ê** fechado, cando en todo o galego estas voces teñen vogal tónica aberta **è**. Esta inestabilidade está en relación coa ditongación goianesa (de Goián-Tomiño, onde din *piadra*, *cadiala*, *fiasta* etc.), pois cando no suroeste de Pontevedra pronunciamos con [ε] aberto: *fêsta*, *hêrba*, *quêro*, *cancêla*, *cadêla*, o goianés ditonga en [ja]: *fiasta*, *hiarba*, *quiaro*, *canciala*, *cadiala*; e cando no suroeste de Pontevedra pronunciamos [e] fechado: *nêve*, *mêl*, *quêre*, *fêrve*, o goianés pronuncia o ditongo tamén máis fechado [jɛ]: *niêve*, *miêl*, *quiêre*, *fiêrve*.



Mapa 8: a inestabilidade do /ε/ no suroeste de Pontevedra.

Outro fenómeno que afecta ás falas surpontevedresas é a **redución do hiato -oa** (procedente da terminación latina < -OLA) en -ò: *filló*, *mó*, *correó*, *Figueiró*, *Pereiró*, *Penedo da Mó* (*filloa*, *moa*, *corroa*, *Figueiroa*, *Pereiroa* etc., en galego común). En Vigo temos un *Pereiró* (do latín PIRARI-OLA) moi preto de *A Falcoa* (porque este topónimo con hiato -oa ten a súa orixe no latín < -ONA, FALC-ONA, non en -OLA) e máis formas na toponimia como *Cerdeiró* e *Figueirós* en Bembrive, por exemplo, pero achamos *Figueiroa* (FICARI-OLA) en Teis, que neste aspecto se comporta diferente do resto de Vigo, pois conserva o hiato -oa.



Mapa 9: evolución do hiato -oa > ò.

Verbo dos **ditongos**, as falas de Vigo coinciden coas da Fisterra ou de todo o galego oriental en que as formas MŬLTU, AUSCŬLTARE, TRŬCTA, LŬCTA evolucionan no ditongo *-uit-*: *muíto, escuítar, truíta, luíta* etc; e coinciden con case todo o galego en que as formas ÖCTO, NÖCTE derivan en *-oit-*: *oíto, noíte*. Agora ben, entre nós, as formas CÖRIU, VERSÖRIA evolucionaron de maneira diferente e especial: mentres todo o galego o fixo co ditongo *-oi-* (*coíro, vasoíra, corredoíra, lavadoíro...*) o galego de Vigo e do suroeste de Pontevedra evolucionou a *-ou-*: *couro, vasoura, lavadoouro, corredoura*.



Mapa 10: resultados dos grupos latinos *-ŬLT-, -ŬCT-, -ÖCT-, -CÖRI- e -VERSÖRI-*.

	MŬLTU	TRŬCTA	NÖCTE	CÖRIU	VERSÖRIA
Fisterra e Xallas (Bloque Occ.)	muito	truíta	nuíte	cuiro	vasuira
Bloque Central e centro do Bloque Occidental	moito	troita	noíte	coíro	vasoíra
Bloque Oriental	muito	truíta	noíte	coíro	vasoíra
	muto mutio	truta trutia			
Suroeste de Pontevedra (Occ.)	muito	truíta	noíte	couro	vasoura

Deste xeito temos voces diferenciais como *postouro*, *petouro* (*apetourar*, *petouraso*), *couro* (*encourada*, *couracha*), *delourar*, *vasoura*, *lavadouro*, *ancoradouro*, etc, e mesmo a famosa rúa da *Corredoura* de Tui, acastrapada en *La Corredera* ou mal regaleguizada nun acastelanado *A Corredeira*, nin sequera nun galego estándar e maioritario *A Corredoira*. A toponimia de Vigo está chea destas formas, pois temos dúcias de *Lavadouro* pero tamén temos varias *Corredoura*, *Pousadouro*, *Rexedouro*, *Rapadouro*, *Breadouro*, *Viloura* etc.

A **prosodia** de Vigo, o noso acento, e en xeral do sur de Pontevedra, tamén é algo diferente do galego común nas oracións interrogativas, por termos unha curva melódica circunflexa. Nas interrogacións, o castelán ten unha curva melódica ascendente, mentres que o galego común ten unha característica curva melódica descendente:

Vas vir hoxe á casa?



Queres unha bolsa?



Porén, no Morrazo e no suroeste de Pontevedra (O Fragoso, O Miñor, A Louriña, Baixo Miño, O Condado) temos unhas entoacións interrogativas con picos ascendentes ao final, é o chamado acento circunflexo ou curva entoativa circunflexa:

Vas vir hoxe á casa?



Queres unha bolsa?



En Vigo esta entoación é característica do Fragoso Sur, mais por desgraza está connotada negativamente. Preguntar (en galego ou mesmo en castelán!) con acento interrogativo circunflexo do suroeste galego está estigmatizado, mentres que entoar nas interrogacións co acento descendente do galego común é "o normal", o esperable, nun concello onde máis da metade da poboación procede de Ourense, do interior de Pontevedra e do sur de Lugo. Secasí, o acento galego común é o acento non marcado, mesmo falando en castelán. Outramente, o noso acento dialectal circunflexo ten connotacións negativas, cando non debería ser así e cando os estudos máis rigorosos e actuais detectan a súa acelerada desaparición entre a xente nova fóra dos ambientes familiares e veciñais das parroquias do Fragoso Sur (Vila Tarela 2024), non así nos vales Miñor e da Louriña, onde este mesmo acento circunflexo é practicamente o único perceptible.

2. MORFOLOXÍA

Para non nos ensarillarmos nunha casuística moi longa e pouco atraente para o público non especializado, imos dar simplemente unhas leves pinceladas da nosa variedade, tanto diacrónica como sincronicamente:

- a) O **plural dos nomes agudos rematados en -l** facíase historicamente substituíndo -l por -s, como vemos na toponimia viguesa: *Os Currás, Os Ervillás, Casás, Amarás, Orxás, Painzás, Peizás...*(e mesmo ás veces con dobre pluralización: *Amarases-Amaraces*), como na práctica totalidade do galego occidental e central, posto que os plurais *animais, currais, papeis* son na actualidade propios do galego oriental. A finais do século XVIII temos os primeiros rexistros de plurais como *Os Ameales* e *Os Breales*. Na fala de Vigo temos na fala viva un par de exemplos de plurais tradicionais nas formas *reás* (plural de *real*, tipo de moeda antiga) e *cadris* (plural de *cadril*).
- b) O galego de Vigo diferencia(ba) **nós** de **nosoutros** e **vós** de **vosoutros**, pois existen rexistros desta distinción en falantes de Zamáns: “Nós na nosa parroquia na gherra pasamos muita fame, pero vaia, *nosoutros* na casa aínda tiñamos porco e fómola virando”. *Nosoutros* é un subconxunto dentro dun *nós* máis grande e plural e admite o feminino *nosoutras*.
- c) Cómpre sobrancear o rexistro do pronome de P3 **ñe** -en lugar de **lle**- en lugares de Coruxo como O Fragoselo. Este pronome **ñe** é o normal nas falas do Grove e Cambados, pero non se rexistrara fóra delas. Ten a súa orixe na asimilación do -n final das P6 seguido do pronome **lle**: *vanlle > vañe*, *dinlle > diñe*, *lévanlle > lévañe*, con extensión posterior desta nova forma a contextos non condicionados: *xa ñe din*, *cando ño levan...*
- d) Emprego da forma oblicua do pronome en lugar da forma plena: *aí vén Xoán = aí o vén*, *alí a vai*, *aquí cho está*, *aí cho queda*, sempre precedido de adverbios de lugar.
- e) Os demostrativos neutros hipercaracterizados: **isto, iso, aquilo**.



Mapa 11: paradigma dos demostrativos neutros.

- f) As formas verbais das primeiras persoas dos perfectos da C1 ten o sufixo número-persoa (SNP) *-ei* (*cheguei, mirei, cantei*), como o común das falas galegas, agás nas parroquias raianas co Miñor e coa Louriña, onde o SNP pode ser tamén *-én*: *eu cheghén, eu mirén, eu levén, eu cantén*...



Mapa 12: Mirei/mirén e levades/levandes.

- g) Acento esdrúxulo nas P4 e P5 do PSubx: *lévedes, lévemos, fághades, fághamos, téñades, téñamos, óiades, óiamos*... alternando co acento grave común: *levedes, levemos, faghades, faghamos*...



Mapa 13: Fághamos/faghamos, pór/poñer.

- h) Formas populares *imos, ides, iamos, iades* coincidentes coas do galego estándar.

i) Perífrase obrigatoria (recomendativa) **querer + participio flexivo**:

Esa nena quería bañada e deitada = A esa nena había que bañala e deitala

Alguén tería que bañar e deitar a nena

É necesario bañar e deitar esa nena

A nena necesita ser bañada e deitada

Eses coches querían lavados = Hai/había que lavar eses coches

É necesario lavar eses coches

Alguén debería lavar eses coches

Os coches necesitan ser lavados

As cousas querían mellor explicadas = As cousas hai/había que explicalas mellor

As cousas necesitan ser explicadas mellor

Habería que explicar mellor as cousas

É necesario explicar mellor as cousas

Sobre a orixe desta orixinal perífrase preséntansenos dúas hipóteses:

- a) Podería derivar directamente da ruína da voz pasiva no latín vulgar (Costas, 2015), pois *querer + participio flexivo* é normal con este significado de “ser necesario”, “facer falta”, “cumprir” en linguas como o sardo (*sos papiros cherent presentados sa chenàbura* = os papeis queren presentados venres = os papeis hai que os presentar o venres/ os papeis cómpre presentalos o venres) e o djudezmo balcánico (*los libros se kerent meldados* = os libros queren lidos = é necesario/hai que ler os libros), e ten certos paralelismos co verbo romanés *a trebui* + participio flexivo (*adevărul trebuie spus în curând* = a verdade quere dita canto antes = hai que dicir/é necesario dicir a verdade canto antes).
- b) Ou ben podería ser un celtismo larvado, pois esta construción existe aínda hoxe no gaélico e é moi rechamante no inglés falado sobre base gaélica (Duncan, 2024): inglés de Irlanda e Escocia e zonas de forte emigración irlandesa e escocesa nos EEUU: *the car needs (to be) washed* = o coche necesita (ser) lavado = o coche quere lavado; *the cat wants fed* = o gato quere alimentado = o gato necesita (ser) alimentado.

De calquera xeito, esta perífrase -que aínda non está recollida na Gramática da RAG e que é máis de necesidade ca de obriga-, tamén é moi usada por galeguismo no castelán popular de Vigo (*los bordados querían repasados*), mais descoñecemos que se empregue en calquera outra lingua ou variedade da península ibérica, pois só temos rexistros dela no noso galego do suroeste de Pontevedra, entre Vigo e o Miño. *Querer (ser) + participio flexivo* equivale, xa que logo, a *necesitar ser + participio flexivo*: as paredes queren pintadas = as paredes necesitan ser pintadas.

3. LÉXICO E FRASEOLOXÍA⁸

O mundo da fraseoloxía é infindo e boa parte dos refráns e frases feitas recollidos na fala de Vigo teñen continuidade noutras partes de Galicia e equivalencia nas linguas veciñas. Por desgraza, é este o eido onde se producen as maiores interferencias do castelán no galego, debido á presión diaria indolora e case imperceptible dos medios de comunicación e do mundo escolar. Se calcamos do castelán **zapateiro aos teus zapatos* estaríamos usando (aparentemente) un galego correcto, polo menos gramaticalmente, pero esa idea no noso galego sería moito mellor expresada co dito *a ghaíta é pró ghaiteiro*, que iso si que é galego auténtico mentres que o outro é un calco, un postizo castelán.

En todo o galego queda aínda moita fraseoloxía por recoller (que logo quereda usada con normalidade na prensa e na escola para deste xeito evitarmos castelanismos neste eido) e temos que bulir porque nos están a arder as bibliotecas viventes⁹. É moi probable que algunhas ou moitas destas frases ou refráns que temos oído dos nosos maiores tamén se usen fóra de Vigo, pero polo menos estas que relacionamos a seguir forman parte da nosa maneira cotiá e propia de falar aquí, no Val do Fragoso¹⁰:

A base de cortar collóns, apréndese a capar (R). Unha persoa acaba facendo algo ben, aínda que ao principio non teña nin idea, a base de o facer e repetir moitas veces.

A cabra co visio bate cos cornos no esterco / A cabra co visio dá cos cornos no cu (R). A xente co vicio xa non sabe o que ha facer.

A chorar a Canghas / Ide chorar a Canghas! (F). Emprégase para se desentender dunha persoa pedichona ou que está todo o día a protestar ou a choromicar por algo.

A ghaíta é pró ghaiteiro (e o tambor pró tamborileiro) (R). Cada traballo ten que o facer o seu especialista e non un afeccionado.

A cona que te pariu! (F) Expresa desgusto, reproche, recriminación, rexeitamento ou desacordo. **A cona que te pariu! A landra que te deu! A nai que te fixo! A nai que te pariu! A parteira que te aproveitoul!**

A landra que te deu! (F) Idem anterior.

A nai que te fixo! (F) Idem anterior.

A nai que te pariu! (F) Idem anterior.

Á noite Marica dálle á roca (F). Dise cando alguén acorda facer algo a última hora (*Tíveshes todo o día para faser os deberes e aghora á noite Marica dálle á roca*).

⁸ Nunca deixaremos de agradecer abondo as achegas feitas para este capítulo de Léxico e Fraseoloxía de moitos vigueses que se dirixiron a nós ou á Asociación Faladoiros Vigo para forneceren novas palabras e expresións. Dun modo especial, queren dadas as grazas a Anxos Hermida e Marcos Afonso Rodríguez, de Matamá; Niobe Afonso, do Fragoselo-Coruxo; Alberte Ardíd, de Teís; Eva Castro Figueras, de Valadares; Amparo Costas e Amparo Ramilho, de Castreliños-Freixo; Brais Costas, de Zamáns; Uxío Couto Carballido, de Beade; Ramón Martínez Seixo, da Rola-Sárdoma; e Sonia Fontán, de Lavadores. A estas e a outras persoas que axudaron: beizóns mil.

⁹ No eido da fraseoloxía agradecemos moito a recolla de refráns e frases de Matamá que fixera hai anos Anxos Hermida (2009) e que nos descubriu o colega Ramón Martínez Seixo. Este apartado é debedor deles os dous.

¹⁰ Marcamos con (R) os refráns, con (LV) locucións verbais, con (LA) locucións adverbiais, con (LS) locucións substantivas, con (LAdx) locucións adxectivas e con (F) fórmulas expresivas coloquiais.

A parteira que te aproveitou! (F) Expresa enfado, reproche, desgusto, rexeitamento.

A paso de ghalíña / A paso de boi (LA). Con moita lentitude, moi devagariño.

Á rapañota (LA). Ir correndo con outros para apañar algo que alguén lanza (*Os reis lansaron caramelos á rapañota e nós collemos unha chea deles*); ou lanzar para que outros apañen o que se bota (*Tireilles cartos á rapañota e botáronse a eles coma ghavotas*). var. Á repañota.

A rebolos (LA). Xirando polo chan horizontalmente sobre o propio corpo (*Tirámonos a rebolos por aquel prado toda a tarde*).

A regho cheo (LA). Abundantemente, en moita cantidade (*Leva toda a tarde bebendo viño a regho cheo*).

A vaca que vai muito á feira non é a que máis (pronto) se vende (R). 1. Non é o mellor o que máis se expón ou o que moito se exhibe á visión do público. 2. A persoa que alardea moito non é sempre a máis fermosa, poderosa, capacitada ou recomendable.

Abanear a pereira (LV). Masturbarse [un home]¹¹. *vid. faser/cascar unha pera*.

Aburrirille aos cans (LV). Aburrirille moito unha persoa a outra porque fala moito ou porque di cousas intrascendentes.

Afeitarse para arriba (LV). Desentenderse de algo.

Aghora que foi, Marica non chores (F). Se pasou o momento de facer algo, despois non paga a pena laiar (*Xa se acabaron as entradas? Aghora que foi, Marica non chores!*)

Andar a bater no peito (LV). Finxir arrepentimento (*É moi falso, fixo as de Caín e aghora vén a bater no peito con cara de pena*).

Andar á ghandaiá (LV). Andar dun lado para outro escapándolle ao traballo ou ás reponsabilidades.

Andar/Estar á tensa (LV). Facer por ir á vez aos mesmos sitios ca outra persoa (*Sempre anda á tensa da muller*).

Andar ao asexo (LV). Espreitar, axexar, esculcar.

Andar á rebusca (LV). Andar á procura do que caeu ou quedou polo chan, ou andar a apañar o que a outros lles sobrou e non quixeron.

Andar ás apalpadas (LV). Avanzar na escuridade axudándose do tacto das mans.

Andar ás truitas / Andar aos pispardos / Andar ás miñocas / Andar ás minchas (LA). Estar unha persoa despistada, distraída ou sen se decatar do que ocorre ao seu redor (*Pregunteille a lección e, como andaba aos pispardos, non soubo nin o que lle preguntei*). Tamén se pode usar cos verbos **estar** ou **seguir**, pero máis raramente.

Andar ás voltas (LV). Remoer nalgunha idea ou repetir algunha acción sen concretar nada (*Andaba ás voltas coa idea de marchar a Suísa*).

¹¹ Para este mesmo significado a locución *facer unha palla* seméllanos un calco innecesario do castelán.

Andar de ghavota (LA). Estar habitualmente fóra da casa, a pasear ou a se divertir (*A Brais ben que lle ghusta andar de ghavota, sempre de aquí para alá sen parar nunca na casa*). Tamén se pode usar cos verbos **estar**, **ir** ou **saír**.

Andar de indio (LA). Traballar sen necesidade ou a deshoras (*Anda de indio aos dominicos a faser choiadas*).

Andar de laghareira/a (LV). Andar á ghandaña e sen rumbo buscando diversión; acostumar-se a andar de noite.

Andar de meniñas (LV). Mover unha pedra póndoa de pé sobre o lado máis pequeno e, entre dúas persoas, unha fronte á outra, írena movendo primeiro dun lado e logo doutro, como se a pedra camiñase (*Os moais da illa de Pascua seica os moveron andando con eles de meniñas*).

Andar coma o tardo (LV). Andar unha persoa soa, sen compañía ningunha.

Andar de tardo (LV). Andar por fóra da casa a horas intempestivas. Semellante a **andar de duaneiro**, **andar de pilinghrino**.

Andar os ladróns atrás dos que rouban (F.) Expresa negativamente que dúas ou máis persoas son iguais nos seus actos negativos. (*Estes fixeron o mesmo cós outros e agora veñen pedindo o voto, andan os ladróns atrás dos que rouban*).

Andar os ratos no faiado (LV). Dise cando se oen troncos (*Esta noite vai caír unha boa, que andan os ratos no faiado*).

A regho cheo (LA). Moito, en abundancia, con fartura (*Ghastaba a regho cheo e acabou na ruína*).

A rente(s) (LA). Rozando a superficie de algo (*O balón pasou a rentes do pau*).

Arrós prós pitos e merda prós señoritos (LV). Diciáselles aos padriños de vodas cando non botaban cartos ou caramelos á rapañota para os rapaces. Emprégase tamén para indicar solidariedade cos de abaixo e rexeitamento para os de arriba. É unha fórmula “de clase”.

Bailar de cuaña (LV). Levar unha tunda (*Ti deixa, que cando cheghe o meu fillo vai bailar de cuaña*).

Bailar na punta do pé / Bailar nunha peneira (LV). Estar moi contento, dar mostras de alegría (*O Selta ghañoulle 5-0 ao Madrid e os xogadores todos andan a bailar nunha peneira*).

Bater coas pernas no cu / Bater no cu cos calcaños (LV). Fuxir a toda présa, correr a fume de carozo (*Soltounos o can e tuvemos que bater coas pernas no cu e ghabear a un muro*).

Botar a vida dun preso / Botar a vida dun can (LV). Tardar moito tempo en facer algo (*Bota a vida dun preso a arranxar o cuarto*).

Botar aghua nunha sesta (LV). Facer algo totalmente inútil, perder o tempo intentando algo. (*Pagheille o carné catro veces e catro veces suspendeu, foi botar aghua nunha sesta*).

Botar o caroso (LV). Chover todo o que tiña que chover (*Está a arroiar toda a tarde, a ver se bota o caroso dunha ves e podemos saír*).

Botar por fóra (LV). Falar de máis, presumir moito. (*Casoulle a filla cun rico e aghora todo é a botar por fóra*).

Botar un foghete/ferrete/foghetaso/pinada (LV). Realizar o acto sexual.

Caghar (mui) alto / Mexar (mui) alto (LV). Terse unha persoa por moi importante e superior a outras.

Caghar o can diante (LV). Saír mal un negocio, malograrse algo que se tiña previsto ou ter mala sorte (*O arranxo do móbil saíume carísimo e quedei sen cartos para a viaxe, caghoume o can diante!*).

Cagho na contribución dos pobres! (F). Emprégase para evitar xuramentos máis fortes.

Cagho na nación que te deul (F). Emprégase como xuramento contra alguén.

Cagho na parteira que te aproveitou! (F). Emprégase como xuramento contra alguén.

Cair un ollo/ Cair os ollos [por algo ou alghén] (LV). Devecer ou aguadizar por unha persoa, un obxecto ou ter un desexo grande (*Cáenme os ollos por eses sapatos*).

Cando naseu o sapo naseu a sapa (F). Dise cando unha persoa ten unha parella ou unha socia ou socio idóneos para ela.

Cando san Xoán baixe o dedo (LA). Emprégase para indicar retranqueiramente que un feito nunca vai ter lugar (*Cando me vas devolver os cartos? Cando san Xoán baixe o dedo*).

Carghar de recadén (LV). Pór a carga só ou maiormente na parte traseira do carro, do camiión, da furgoneta etc.

Cascar unha pera / Faser unha pera (LV). Masturbarse [un home].

Cheirar coma unha poupa /Cheirar coma un porco (LA). Feder, cheirar moi mal.

Co achaque de (LP). Con motivo de, co gallo de, co adaxo de, por razón de, por culpa de (*Non foi traballar co achaque de que tiña o coche avariado / Co achaque da festa na casa non cheghou a tempo para coller o barco*).

Collerlle [a alghén] a aghulla de marear (LV). Perderlle o respecto a alguén e non facerlle caso ningún (*O rapás colleulle á nai a aghulla de marear e aghora xa non pode con el*).

Collerlle os talentos [a alghén] (LV). Perderlle o respecto a alguén e non facerlle caso ningún (*O rapás colleulle os talentos á nai e aghora xa non pode con el*).

Comer coma un boi [LV]. Comer moito.

Comer coma un can [LV]. Comer con moita ansia e a toda présa.

Comer coma un pito [LV]. Comer moi pouquiño.

Comerlle a fighura [a alghén] (LV). Poñer podre a alguén, berregarlle, asoballalo.

Comerlle as papas [a alghén] (LV). Superar a alguén en altura, sabedoría, habilidades etc.

Dálle can, que a cadela é do abade / Dálle can, que a cadela é miña (F). Dío unha persoa para expresar que está farta de que se repitan as mesmas cousas ou feitos negativos. Pode equivaler a “outra vaca no millo”.

Dar en tolo (LV). Tolear, volverse tolo.

Dar máis voltas ca un muíño (LV). Ser moi inquedo, non parar, andar dun sitio para outro.

Dar nos fociños [a alghén]/ Bater nos fociños [alguén] (LV). 1. Agredir [a alguén]. 2. Facer calar a alguén con argumentos sólidos.

Dar o corpo [algo a alghén] (LV). Presentir, sospeitar, intuír [algo]. (*Xa me daba o corpo a min que non me ía saír ben este negocio*).

Darlle ao veo (LV). Non para de falar (*Aí a tes, dándolle ao veo a tarde enteira*).

Dar para abaixo [a alghén] (LV). 1. Frear ou parar alguén á hora de facer algo (*Aos fillos hai que lle dar para abaixo, se non fan o que lle dá a ghana*). 2. Bater en alguén (*Xa está outra vez a darlle para abaixo ao fillo!*).

Dar parella [a alghén] (LV). Sacar a bailar a alguén (*Estou desexando que me dea parella porque me ghusta moito*).

Dar un raite (LV). Dar un paseo, dar unha volta (anglicismo).

Darlle brasa [a alguén] (LV) 1. Aguilloar ou tanguer en alguén para que se mova e faga algo (*Dálle brasa ao rapás para que acabe os deberes!*). 2. Acelerar nun motor ou nun mecanismo para que colla máis velocidade, máis calor etc.

Darlle un ramallaso [a alghén] (LV). Darlle a alguén unha arroutada (*Deulle un ramallaso e marchou sen disir nada*).

De [media] langheta (LA). 1. [Xutar] co exterior do pé ou rozando a bóla a raspelar por un lado. 2. [Dise cando algo se fai] chafalleiramente, de calquera maneira, para acabar logo.

De rapar e peitear (LAdx). [Persoa] de carácter difícil, coa que é mellor manter distancias.

Deitarse coas ghaliñas (LV). Deitarse co sol, deitarse moi cedo.

Deixar [unha comida] polo dente (LV). Comer moito cos ollos e logo fartarse e ter que deixar de comer.

Deus dálle pan ao que non ten dentes (R). Emprégase para aludir a quen non aproveita ou non lle dá valor ou mérito ningún ao que ten.

Deus é bo e o demo non ten fallo / Deus é bo e o demo malo (malo) non é (F). Dise cando se leva ben unha persoa con todo o mundo por interese, unha persoa interesada que lle pon unha candeia a deus e outra ao demo.

Empreñar do vento (LV). Crer inxenuamente unha persoa todo o que lle din. (*-O Selta meteulle seis sero ao Madrid. Bo! Non cho creo, ti pensas que eu empreño do vento?*).

En menos tempo pariu miña avoa (F). Emprégase cando unha persoa tarda moito tempo en facer algo.

Encher o peto [a alghén] (LV). Subornar.

Enfiar [a alguén] polo cu dunha agulla (LV). Burlarse de alguén, tomarlle o pelo, enganar ou manipular outra persoa para que pense ou actúe como nós queiramos.

Ensinarlle a un pai a faser fillos / Ensinarlle a un cura a faser fillos / Ensinarlle ao abade a faser fillos (LV). Querer unha persoa ensinarlle a outra algo que xa sabe facer perfectamente.

Entre mortos e feridos, unha caixa de mistos chea (F). Emprégase cando se lle dá moita importancia a algo que non a ten ou que é unha insignificancia. Semellante a “a montaña pariu un rato” ou “moito ruído e poucas noces”.

Ergher o cu e deixalo bater (F). 1. Emprégase para lle decer a unha persoa cando se queixa de que está aburrida ou non sabe o que ha facer. 2. Úsase tamén para mandar unha persoa a tomar vento (*Sabes o que tes que faser? Ergher o cu e deixalo bater!*).

Estar a partir un piñón (LV). Dise cando dúas persoas se levan moi ben e son moi amigas (*Toda a vida a discutir e agora de vellas están a partir un piñón*).). **Faser un pan coma un queixo.**

Estar á tensa (LV). Estar moi pendente de alguén ou de algo, prestar moita atención a algo (*Estáteme á tensa por se pasa o vitrasa*).

Estar ao ventimperio (LV). Estar unha persoa exposta ás inclemencias meteorolóxicas ou estar sen teito ou cubrición unha edificación.

Estar coma un pirixel (LV). Estar de moi bo aspecto, guapo, ben vestido, alegre (*Meu avó fixo noutronte 90 anos pero está coma un pirixel*).

Estar coma un rei nunha sesta (LV). Estar moi comodamente sentado ou deitado.

Estar coma unha londra (LV). Estar ben mantido, gordo, ter un bo bandullo.

Estar contente coma un cuco (LV). Estar moi contento.

Estar cheo coma un peto (LV). Estar moi cheo de carne un crustáceo (un centolo, unha nécora...) ou calquera outro recipiente, corpo ou coiraza que conteña carne no seu interior (*Ten un neto ghordiño, cheiño coma un peto*). De aquí virá a expresión castelá “estar algo petado” no sentido de estar ateigado.

Estar de pau de caldeiro (LV). Estar parado sen facer nada, coma un pasmón. **Estar de chantón** (*Levo unha hora de pau de caldeiro na parada do bus, non aturo máis, voume e non aghardo por ti*).

Estar/andar escalroada/o (LV). 1. Estar/andar solto de ventre, ter furriqueira. 2. Estar/andar con moito medo.

Estar/pórse feito unha chispa (LV). Estar ou pórse moi enfadado (*Marchou da casa feito unha chispa*).

Estar/ir mollado coma un pito (LV). Estar moi mollado, todo enchoupado.

Estar na horta e non mirar as versas (LV). Estar nun lugar alguén totalmente aparvado ou despistado sen se decatar de nada.

Falou Varela (F). Dise cando fala sobre un asunto a persoa menos indicada.

Faselas Deus e paghalas Cristo (LV). Pagaren xustos por pecadores.

Faser a espera [a algo ou alghén] (LV). Agardar agochado para sorprender unha persoa ou un animal (*Fíxolle a espera á raposa que lle anda a papar nas ghaliñas*).

Faser á machada (LV). De maneira fea, tosca ou imperfecta (*É máis feo que nin feito a machada*).

Faser barro (coas orellas) (LV). Facer algo moi ben feito, ter moito éxito, sobresaír (*Cando sae ao campo de xogho fai barro coas orellas por aquela banda*). **sin. Faser maghas.**

Faser figuras (LV). Facer unha persoa cousas perigosas que non debería (*Xa está teu pai a faser figuras no pico da masanseira, aínda ha caír!*)

Faser maghas (LV) *vid.* **Faser barro (coas orellas).**

Faser o amor [a alghén] (LV). Namoriscar, galantear, pretender unha persoa e desprezar toda unha serie de accións, argumentos e razóns para engaiolala e namorala (*Que ghua-piño estás, meu neno, se eu fose unha mosa nova fariache o amor!*).

Faser un pan coma un queixo (LV). Dise cando dúas persoas teñen caracteres moi semellantes, pensan e actúan igual e se levan de marabilla (*Desde que se atoparon na escola, miña filla e a túa fan un pan coma un queixo*).

Faser un pandeiro [de alghén] (LV). Abusar de alguén, enganar alguén, marealo...

Faser unha machada (LV). Facer unha proeza, unha heroicidade (*O Coruxo fícho unha machada e remontou un 4-0*).

Faser unha torre no airo (LV). Dise cando unha persoa ten un ou varios propósitos ou soños e non os dá conseguido.

Faserlle o cu luís-luís [a alghén] (LV). Ter moito medo e fuxir por iso dunha situación perigosa ou comprometida, estar moi nervioso.

Ferrarlle o dente [a algo] (LV). 1. Morder, trabar. 2. Pórse con algo; o mesmo ca “meterlle o dente a algo”.

Ghábate, can, que non tes cadela! (F) Díselo a quen se gaba moito, a quen non ten avoa. *(-Está mal que o digha eu, pero son o mellor escultor de Ghalisia. -Si, home, si. Ghábate, can, que non tes cadela!)*

Ghavotas á terra, mariñeiros á merda (R). Cando hai mal tempo na costa ou hai mar bravo, os mariñeiros non poden saír ao mar e as gaivotas refúxianse terra dentro.

Haber roupa a tender / Haber roupa ao clareo (LV). Falar con cautela e disimulo para que non escoiten outras persoas que están diante e poderían atender á conversa *(Aghora non me dighas nada porque hai roupa a tender, que está aí miña irmán).*

Ila virando (R). Estar máis ou menos ben, como decer “ir indo” ou “ir tirando” *(Aos meus anos teño todo tipo de achaques, pero vaia, vouna virando).*

Ir a Vigho por mirar Canghas (LV). Fracasar ou levar un revés nun negocio, intención ou viaxe, conseguir algo distinto do que un agardaba, ir de balde a un sitio. *(Fun a Pontevedra para o concerto e resulta que o cancelaron pola chuvia. Fun a Vigho por mirar Canghas).*

Ir ás truitas (LV). Ter os pantalóns rabelos ou remangados.

Ir coma a burra do Conancas (LV). Ir moi cargado e case non poder co peso.

Ir quentar os bancos / Ir pór os bancos (LV). Chegar moi cedo a algún sitio.

Levantarlle a man [a alghén] (LV). Bater ou bourar en alguén.

Levar a carranchapernas (LA). Levar a cabaliño, ao lombo, nas costas.

Levar [alghén] aos pispardos (LV). Enganar alguén con falsas promesas ou con contos para lle facer unha trastada ou unha broma pesada.

Mandar Baiona (LV). Cando nunha casa manda a muller. Probablemente veña de que en Baiona as mulleres mandaban nas casas porque os homes andaban todos ao mar *(Na miña casa non mando eu que manda Baiona).*

Marchar esfolado (LV). Marchar alguén a toda présa, a fume de carozo.

Mares e moreas (LS). Gran cantidade de cousas *(Quería ir ás rebaixas pero habíache alí mares e moreas de xente e dei volta).* **Montes e moreas.**

María a Molla (LS). A chuvia *(Mañán non imos á praia porque din que vén María a Molla polas Sías).*

María matouse! (F). Emprégase para se referir a unha situación na que aparece de súpeto un contratempo. Equivale á expresión “érache o que nos faltaba” ou similar.

Mentres se está coa nai non se está coa filla (R). Refírese a que unha persoa non é capaz de facer dúas cousas ben ao mesmo tempo.

Meterlle carrouchas na cabeza [a alghén] (LV). Meterlle ideas na cabeza a alguén, lavarlle o cerebro, “comerlle o tarro, comerlle o coco”. Equivale tamén a “mexarlle nos ollos a alghén”.

Meu can pillou unha mosca (a durmir) (F). Dise cando sorprendentemente ocorre algo excepcional, cando acerta de casualidade alguén que sempre falla (*Túa irmán aprobou o teórico? Por fin, meu can pillou unha mosca!*).

Mexar contra/na a parede (LV). Ser xa un home feito, un adulto (*Sácateme de aí, rau mincha, que ti aínda non mexaches contra a parede*), ou sexa, aínda non es un home feito. É sorprendente que na *Historia Brittonum* (séc. IX) apareza esta mesma imaxe para se referir aos homes adultos cando se di que uns invasores raptaron mulleres e nenos pero "exterminaron os que mexan contra a parede" (*nec mingentes ad parietem vivere reliquerunt*). Estraña e curiosa coincidencia.

Mexarlle nos ollos [a alghén] (LV). Abducir, engaiolar ou seducir alguén con parrafeo baleiro.

Mirar pra dentro (LV). Durmir (É prender a tele e *meu pai empesar a mirar para dentro*).

Mirar prá sombra (LV). Comezar [unha rapariga] a se enfeitar e preparar para chamar a atención doutras persoas, empezar a coquetear (*Túa filla xa mira prá súa sombra porque hoxe vai toda ghuapa*).

Mirarlle o cu á curuxa (LV). Dise cando alguén estivo ás portas da morte, correu un gran perigo, levou un susto importante ou simplemente pasou moito medo, e despois do transe fíxose moito máis calmo e prudente (*Teu fillo anda a correr muito con esa moto e un día destes halle mirar o cu á curuxa*).

Montes e moreas (LS). Gran cantidade de cousas; *úsase* con verbos como *facer*, *ofrecer*, *prometer*, *querer* ou *ter* e, a miúdo, ironicamente.

Muito e ben non o fai ninquén (R). As cousas ben feitas queren o seu tempo, non se poden facer a correr.

Na casa do pobre sempre é de noite (F). Dito equivalente ao castelán "a perro flaco todo son pulgas", indicativo de que a quen lle vén unha desgraza sempre lle poden vir todas xuntas.

Nin vou nin fagho falta (F). Expresión coa que se comenta a falta de ganas ou de ansia dunha persoa.

Non coller nunha sesta (LV). Non conxeniaren, non poderen estar no mesmo sitio persoas que non se levan ben (*Meu cuñado e eu non collemos na mesma sesta, cando se pon pedante non o aturo*).

Non comer por non caghar (LV). Ser moi avara e agarrada unha persoa.

Non dar avío (LV). Non dar feito, estar sobrepasado por unha chea de ocupacións.

Non dar as mans a medir (LV). Ser unha persoa que non é capaz de abranguer todo o moito que quere ou que ten que facer.

Non dar nin a merda que cagha (LV). Ser unha persoa moi agarrada (*Es ben morriñoso! Non das nin a merda que caghas!*)

Non dar puntada sen fío (LV). Facer algo por interese e cunha intencionalidade moi clara.

Non dar unha (LV). Non acertar nunca, non saír nunca nada ben.

Non mover (unha) paleira [por algo] /Non mover un peleiro [por algo] (LV). Non molestarse o máis mínimo nin facer o mínimo esforzo por algo. (*Cando pasaron nesesidades, os parentes non moveron un peleiro por axudalos*).

Non ter ghana de leria (LV). Non estar de humor, non estar disposto a aturar paliques.

Non ter paraxe (LV). Non parar nunca unha persoa inquieta, que nunca acouga e sempre está a bulir.

Non ter un can/ Non ter un peso (pra mandar cantar un segho) (LV). Non ter nada, non ter diñeiro.

O ben feito ben parese (R). 1. As cousas que se fan ben xa se notan a simple vista. 2. Se se fai unha cousa ben hai que presentala de maneira atractiva.

O can que berra non é o que máis traba (R). Non é mellor quen máis se gaba ou chufa, nin quen máis presume, nin quen máis berra ou asusta.

O ghalegho non ten un acordo no pronto (F). Dise cando alguén cala (perante unha inxustiza un abuso ou unha impertinencia) porque no momento non lle saíron as palabras ou non atopou as palabras precisas para responder (*Chamoulle as de cristo a meu irmán e el non o esperaba e non se defendeu porque quedou sen palabras. O ghalegho non ten un acordo no pronto*).

O pai que te fixol (F) Expresa desgusto, reproche, recriminación, rexeitamento ou desacordo.

O que canta e asubía na mesa, pouco xuísio na cabeza (R). Non está ben visto cantar ou asubiar mentres se come (despois si).

O que non come canda os bois, come antes ou despois (R). 1. Quen come pouco no xantar adoita petiscar entre horas. 2. Cada cousa ten o seu tempo.

O que muito corre, non é o que máis pronto chegha (R). Non se debe ter moita présa á hora de facer algo ou de ir a un sitio, porque as présas nunca son boas.

O que outro usou, a min pouco me durou (R). As cousas usadas adoitan durar ou valer pouco.

Os de fóra, cheghan tarde, mal e sen hora (R). Indica que para os asuntos importantes só se pode contar de verdade coa familia, cos da casa, ou coas persoas máis achegadas.

Pan con pan, comida de can (F). Úsase cando se manifesta disconformidade co pouco que un considera que lle pagan polo seu traballo ou pola escasa ou mala comida que lle dan.

Pra a Habana! (F). Emprégase para desentenderse de algo, fuxirille ao traballo (*Mandeille lavar o coche pero...para a Habana!*).

Pra unha pena boa é unha fecha/Pra unha pena, bota unha fecha (R). Emprégase para indicar que sempre hai cousas que poden axudar a aturar unha pena ou un desgusto.

Pareser/ser o pito do cairo (LV). Ser unha persoa que come pouco, especialmente referido a criaturas.

Pareser/ser un cabalo montado (LV). Estar sempre de mal humor, ter mal carácter.

Pareser un entruído (LV). Ir moi mal vestido ou combinado, cun aspecto ridículo.

Pareser/ser un pirixel (LV). 1. Ser persoa moi delicada de saúde. 2. Ser unha persoa moi susceptible.

Pareser/ser un Xan das Bólas (LV). Dise pexorativamente de quen anda mal vestido, mal aseado, sen xeito, desleixado.

Pasar a raspelar (LV). Pasar rozando leve e fugazmente (*Aquel tiro meu pasoulle a raspelar ao lonqueiro*).

Pedir papas (LV). Renderse, claudicar, ceder.

Pedirlle permiso a unha perna pra botar a outra/Pedirlle permiso a unha man pra mover a outra (LV). Andar unha persoa con moita parsimonia ou cunha lentitude desesperante.

Perdón polo ghato lambón (que entrou pola ventá e saíu polo balcón) (F). [Hum.] Dise para desculparse ou tamén se lle pode dicir á persoa á que se lle piden desculpas para tirarlle importancia aos feitos.

Picache, varache, que tunda levache! (F). Emprégase para amolar alguén despois de lle gastar unha broma.

Pisar seboas (LV). Bailar moi mal, sempre da mesma maneira e sen xeito (*Non me ghusta que o Luís me veña dar parella porque pisa seboas, baila fata!*).

Plantar un pexegheiro (LV) 1. Quedarlle a deber cartos a alguén e non llos pagar nunca. 2. Marchar dun establecemento comercial sen pagar; equivale ao castelán “hacer un simpa”. **Plantar un sabugheiro**.

Plantar un piñote (LV). Defecar.

Polo pan beilla/baila o can (e pola arandela a cadela) (R). Alude a cando se fai algo movido polo diñeiro, por necesidade ou por comenencia.

Polo santo Amaro, trompos/pións ao faiado/tellado (R). Refrán metereolóxico.

Polo san Martiño, trompos/pións ao camiño (R). Refrán metereolóxico.

Por onde vai a nai vai a filla (R). Emprégase cando as fillas pensan, din, fan ou actúan do mesmo modo ca as nais. Equivale a “de tal nai tal filla”.

Pór as costelas nun feixe [a alghén] (LV). Bater, golpear, darlle unha malleira a alguén.

Pór bico de poupa (LV). Amosar cara de enfado ou desagrado (*É vir a comida prá mesa e pór ela bico de poupa*).

Pór cara de ferreiro (LV). Amosar cara de desgusto, mal humor ou de cabreo grande (*Non traías a teu irmán ao partido, que sabes que non lle ghusta e bota a tarde toda a poñer cara de ferreiro*).

Pórse nos cornos da lúa (LV). Amosarse moi cabreado.

Pra quen é o burro ben chegha a albarda (R). 1. Quen pouco merece pouco leva. 2. Pode expresar conformidade ou resignación con ben pouca cousa.

Pra quen non quere hai muito (F). Dise a quen rexeita ou despreza algo que lle ofrecen. (*Tiña de todo pra comer e non quixo nada, pra que non quere hai muito*).

Quen cala fode a quen fala (R). Diselle a quen mantén unha actitude prudente, tranquila, retranqueira ou reservada diante doutra persoa arroutada, faladora, abusona ou sabidicha. É antagónico do español “quien calla otorga”.

Quen carravellos manda, merda lle acarrexan / quen merda manda, merda lle acarrexan (R). É preferible facer un mesmo unha determinada cousa ca mandarlle facer a un incompetente, porque os *carravellos* (escaravellos) acarrexan boliñas de bosta.

Quen che dera piche pola costa de Peniche! (F). Equivale a “quen che dera!” pero facendo rabiar a alguén.

Quen de novo foi bailador, de vello dálle un xeitiño (R). Quen de novo tivo un don, un dote ou unha virtude, cos anos segue máis ou menos a conservala. Temos escoitado outros nomes rematados en -or (quen de novo foi *cantador, xogador, mandador, pagador, fodedor, bo cantor, un señor, ghastador, casador*...de vello dálle un xeitiño) e tamén temos escoitado este refrán en feminino (quen de nova foi *bailadora, de vella* dálle un xeitiño etc.).

Quen fixo o mundo, que teña man del (F). Dise para se desentender de algo (*Seica hai que lle ir botar unha man ao veciño que lle caíu o muro. – Non ho! Quen fixo o mundo que teña man del*).

Quen ten cu, ten medo (R). 1. Todo o mundo pode ter medo de algo algunha vez na súa vida. 2. Expresa reserva para non levar a cabo unha acción perigosa.

Rachar coa pana (LV). Dise cando se expresa unha celebración magnífica ou cando se consegue un éxito clamoroso (*Tinso foi ás oposicións e rachou coa pana, quedou de primeiro!*).

Ramona a Bota (LS). Muller torpe ou desleixada que sempre chega tarde ou sempre é a última.

Sandolla e/ou Conainas (LS). Expresión indeterminada que se aplica a dúas mulleres anónimas (*Non me importa que paghe Sandolla ou Conainas, o caso é que paghen / Ái chas veñen pola porta, Sandolla e Conainas*). Equivalería ao castelán “Fulanita y Menganita”.

Saber de triscas (LV). Estar deliciosa unha comida (*Esta bola de túa avoa sábeme de triscas*).

Sacar pelos dunha perna e metelos na outra (LV). Emprégase para lle decer a unha persoa cando se queixa de que está aburrída ou non sabe o que ha facer.

Se tes medo compra un can (F). Díselles a unha persoa que di que ten medo.

Sempre e mais despois (LA). Dito humoristicamente para expresar algo arreo, moi seguido (-*Ti queres festa? E logho? Eu quero sempre e mais despois!*).

Ser a boa fe ou **Ser un/unha abofé** (LV). Ser unha persoa inocente, cándida, inxenua, que non ten voltas nin maldade nin picardía ningunha. *sin.* **Ser un Xoán, ser un Xansiño.**

Ser escontra o rabo (LV). Ser unha persoa retorcida, levar sempre a contraria, estar sempre desconforme con todo.

Ser fea/o coma un corno/croio/pello (comp.). Ser moi fea/o.

Ser máis pesado ca os pelos do cu (comp.). Ser unha persoa que causa enfado, molestia ou aburrimiento.

Ser o demo (LV). 1. Ser alguén moi rebuldeiro, bromista, divertido. 2. Ser alguén moi malo.

Ser o pixrel de todas as salsas (LV). Ser unha persoa con desmesurado afán de protagonismo ou que quere estar ao tanto de todo.

Ser o tal pra chamar pola morte / Ser tal pra buscar a morte (L.Adx.) Dise da persoa que é moi lenta en facer algo, ou que sempre é impuntual (*Uxía sempre chegha tarde, é a tal para chamar pola morte*).

Ser ruín coma un porco (LV). Ser unha mala persoa.

Ser tan bo/malo/ruín Xan coma Perillán (LV). Tanto é un coma o outro, os dous son iguais de bos/malos/ruíns.

Ser un cara lavada (LV). Dise dunha persoa descarada, desvergoñada, miserable e sen escrúpulos. Úsase realmente como LS: *aí o vén, o cara lavada de teu curmán*, ou LAdx.: *ese ghichiño é ben cara lavada*.

Ser un/ha conaseca (LV). Dise da persoa que é moi enxoita, extremadamente delgada.

Ser un man aberta (LV). 1. Persoa que malgasta o diñeiro. *sin.* **Ser un/ha man furada.** 2. Persoa economicamente moi xenerosa coas demais. *sin.* **Ser unha veigha aberta.**

Ser un man furada (LV), *vid.* **Ser un man aberta 1.**

Ser un piollo peggadiso (LV). Persoa que anda sempre ao rabo doutra e moitas veces estorbando.

Ser unha veigha aberta (LV), *vid.* **Ser un/ha man aberta 2.**

Tarde piaches! (F). Dise cando a alguén lle acordou algo tarde ou cando xa era tarde para facer algo.

Ter algo de/en manghexo (LV). Ter alguén obxectos (roupa, ingredientes para unha comida, ferramentas etc.), á enteira disposición dun pero dunha forma moi revolta e desordenada (*Voume pór coa comida, que teño todo de manghexo enriba da cosíña; temos todas as pesas do puzzle en manghexo siscadas pola mesa, agora só temos que montalo*).

Ter/faser/gañar (cartos) coma area (LA). Ter, facer, gañar (cartos ou o que sexa) en abundancia.

Ter man [en algo/alghén] (LV). Controlar, administrar, rexeir. (*Non teño man nos netos porque non teñen paraxe / Vai de vacacións porque tivo boa man nos cartos*).

Ter menos sentido ca unha ghaliña no cu (LV). Non ter sentido ningún, ser irreflexivo e toleirón.

Ter millo na cabana (LV). Ser rico.

Ter millo vello (no canastro) (LV). Ter aforros, ter reservas para un imprevisto.

Ter/meter no papo [a alghén] (LV). Seducir, conquistar, atraer alguén cara ás nosas posicións ou propósitos (*Vaime dar o voto porque xa o teño no papo coas promesas que lle fixen*).

Ter o ás para matar o tres (LV). Ter unha resposta pronta para todo, ter sempre a derradeira palabra.

Ter o buraco feito (LV). Saber moi ben onde se vai empregar o diñeiro (*Tocoulle a lotería e xa ten o buraco feito: un piso para a filla*).

Ter o cu coma unha sesta / Ter o cu coma un pandeiro (LV). Ter o cu grande.

Ter o pelo coma o niño dunha poupa (LV). Ter o cabelo todo espeluxado.

Ter (moito) papo (LV). Ter moito descaro e desvergoña (*Teu irmán ten moito papo, sempre lle anda a pedir a ferramenta aos demais pero el nunca deixa a súa, é máis lavado ca os peixes do mar*).

Ter pello (LV). Ter sorte por casualidade.

Ter un mundo de (LV). Ter moita cantidade de algo (*Teño un mundo de cousas pra faser hoxe*).

Tírate ao mar e di que caíches / tira contigho e di que caíches (F). Díselo a quen nos decepciona ou a quen fracasa en algo. (*Ías de campión e perdeches. Tira contigho e di que caíches!*).

Tremer coma unha vara verde (LV). Tremer moito por frío ou por medo.

Untar o bico [a alghén] (LV). Subornar.

Vaia cousas, ir de Vigho pra Bousas! (F). Dise cando alguén pensa que inventou a pólvora mollada ou cre que descubriu algo que xa sabe todo o mundo.

Verter coma unha sesta (LV). 1. Verter líquido dun obxecto furado (*Tira con ese caldeiro que verte coma unha sesta*). 2. Falar mal ou praguear de todo o mundo (*Aí vén a túa tía a verter coma unha sesta de toda a parroquia*).

Vir os do monte a correr aos da fonte (LV). Dise cando alguén de fóra do lugar pretende ensinarlles aos do lugar como se fan algunhas cousas que xa eles están fartos de facer: sementar, podar, vendimar (*Viñeron os do monte a correr aos da fonte no asunto dun concerto en Samil*).

Vivir de moca (LV). Vivir á custa doutras persoas, sen pagar, de balde (*Non lle ghusta traballar, el só quere vivir de moca, pois que ghaste do seu forrollo*).

Vir a chuvia de travesía (LV). Vir a chover polo oeste, cando vén a chuvia polas illas Sías.

Xa pasaron as leiteiras! (F). Úsase para indicar que xa é tarde para se erguer da cama ou para avisar a alguén de que lle está a pegar o sono.

Xan de ninghén que vai a ninghures (LS). Persoa da que por prudencia ou recato non se quere dar o nome ou tamén persoa sen importancia, insignificante, á que ninguén valora (*Aí o tes, era un empresario de éxito e agora é un Xan de ninghén que vai a ninghures*).

Xuntar allos con maraballo (LV). Confundir e zarapallar as cousas, mesturar allos con bugallos.

a) Na **formación de palabras** debemos sobrancear como trazos senlleiros do falar de Vigo:

- Uso moi frecuente (case abusivo) do **sufixo -ota/e** nun sentido afectivo: *pequenote, altote, delgadote, rillote, sanote, baixota, coloradote*, etc.
- Uso maioritario (mais non exclusivo) do sufixo **-exa/o** na formación dos xentilicios locais (*samanexa, cabralexo, matamanexa, alcabrexo, valadarexa* etc.) pero xa sen o matiz despectivo que este sufixo lle confire a outras bases léxicas. Así e todo, algúns xentilicios do val do Fragoso están construídos con outros sufixos que tamén se empregan normalmente no territorio lingüístico galego para a formación de xentilicios e adxectivos, como poden ser *-án, -eira/o, -és/a, -iña/o* etc.: *navián, bousán, sardomeira/o, fraghoseleira/o, coruxeira/o, oiés/a, lavadorés/a, fraghosiña/o* etc.
- O sufixo **-eira/o**, que en galego común pode indicar orixe (*riaxeiro, betanceiro, sanxenxeiro*), oficio (*ferreiro, vitraseiro, oleiro*), afección (*pataqueiro, furancheiro, peixeiro*) etc., ten entre nós ademais un valor especial e diferenciado: **valor uninumerizador aplicado a substantivos que en singular teñen valor colectivo**: *herba, pelo, area, millo, folla, pedra*... Por exemplo: *quita ese pelo de diante dos ollos* (un ou moitos pelos)/*quita ese peleiro de diante dos ollos* (un único pelo, un só cabelo); *tes esa herba na chaqueta/tes esa herbeira na chaqueta* (un único argueiro). Este sufixo está fosilizado nas locucións verbais *non mover unha palleira, non mover un peleiro* por algo. E este sufixo mesmo pode admitir máis sufixos engadidos: *xogabamos a pai-fillo-nai con pedreiriñas*.



Mapa 14: área do sufixo <eiro> con valor uninumeralizador.

- b) Característico do sur de Pontevedra desde o século XIII é o **arquilexema *mirar***. Os únicos trobeiros medievais que usan formas de **mirar** son os tres da ría de Vigo: Codax, Mendiño e Xoán de Cangas. Esa acaparáción de diversos significados antigos por parte de **mirar** procede da reestruturación dos verbos do campo semántico visual na época medieval.

No galego común a P3 do perfecto do verbo **vir** é **veu**, e a P3 do perfecto do verbo **ver** é **viu**, pero na nosa zona, ao non termos o verbo **ver**, senón só **mirar**, a P3 de **vir** é **viu** (*vin, viñeches, viu, viñemos, viñestes, viñeron*)¹². Deste xeito o que en galego común sería, por exemplo: *ela viuno chegar pero el non veu onda ela* para nós é *ela mirouno chegar pero el non viu onda ela*.



Mapa 15: extensión do arquilexema *mirar*.

¹² E teñamos coidado en galego común coa conjugación do perfecto dos verbos derivados de **vir** como **intervir**: *intervín, interviñeches, interveu, interviñemos, interviñestes, interviñeron* (e non *interviu nin *interviron etc.), conxúganse coma *vir*.

- c) Verbo do léxico, podemos indicar que **o léxico do galego de Vigo** non se diferencia moito do léxico dos galegos veciños, se acaso podemos sobrancear que se caracteriza fronte ao “galego común” por ter formas rechamantemente coincidentes co portugués -concretamente co portugués do norte-, como por exemplo: *torneselo* (artello), *ervilla* (chicharo), *pisco* (paporrubio), *poupa* (bubela), *corrida* (carreira), *pirú* (pavo), *cañoto* (manicho ou zoupón), *tinxiriña* (mandarina, *tangerina* en portugués), *pisca-pisca* (luz intermitente), *careca* (calvo), *marreca* (chepa ou chepudo), *alcouve* (sementeira), *manoto* (manco) etc.

Dentro do galego do Vigo debeu haber ata non hai moitos anos **unhas mínimas diferenzas léxicas** do sur ao norte do Fragoso entre as persoas que agora teñen máis de 80 anos. Mais por efecto da escola, da mellora das comunicacións e intercambio de poboacións, e dos medios de comunicación, na actualidade estas particularidades diferenciadoras están a desaparecer aceleradamente na xente adulta e na xente nova en favor das solucións do galego común e -sobre todo, e o que é realmente triste e perigoso- en favor dun castelán provinciano e periférico.

Por outro lado, e sen que poidamos precisar hoxe unha distribución xeográfica definida, no galego falado no Val do Fragoso alternan **dobretes léxicos** como *masanseira/maseira*, *serdeira/sereixeira*, *noseira/nogheira*, *pico/candea*, *ouroghe/oureghe*, *cortiseira/sobreira*... Hai, ademais, voces que poden presentar un “significado estraño” ou ser falsos amigos para o resto de Galicia. Por exemplo **lóbrego**, que en Vigo non é un local ou un baixo escuro e húmido, senón simplemente un baixo ou un espazo sen dividir (mesmo no castelán de Vigo). Por iso hai carteis pola cidade que abraian os de fóra, como: “Véndese baixo lóbrego”. Quen de fóra de Vigo quere mercar un “baixo lóbrego”?; ou por exemplo a voz **bica**, que para nós é un ratíño negro e pequeno e por iso aínda nos pode causar sorpresa cando nos convidan a comer bica (de Trives) nunha sobremesa.

Nas seguintes páxinas imos citar máis de 800 voces senlleiras de Vigo, que non en todos os casos son exclusivas do Fragoso pero que si son características do noso falar, moi nosas, e que moitas non topamos, por exemplo, no dicionario da RAG ou, se as topamos, é con outro(s) significado(s) diferente(s) ao(s) que nós lles damos. Hai moitas palabras galegas que non aparecen (aínda) nos dicionarios, pero iso non quere dicir que non as poidamos e non as debamos seguir usando. Ao contrario, precisamente por iso: usarémolas para que aparezan, se coñezan e as poidan usar tamén outros falantes. Subimos a bordo desta *ghamela coruxeira* peixe moi variado, tamén estranxeirismos moi presentes na fala, como algúns castelanismos -adaptados foneticamente ou non- (*ghaiba*, *patatilla*), ou mesmo do castelán de América (*furrular*, *pavero*), galicismos (*matiné*), xitanismos (*ghebo*, *ghiñar*, *pinrel*) ou, nos últimos tempos, anglicismos (*raite*, *alabote*, *espiche*, *cachimán*, *raite* etc).

As voces apañadas para este pequeno glosario reproducense tal e como as pronuncia a nosa xente, con gheada (e grupo -nk-) e con seseo, pois así é como as podemos escoitar. Se preguntades por palabras¹³ características de Vigo direivos que -algunhas polo menos- “aquí as están e aquí volas van”:

¹³ As abreviaturas empregadas no glosario de voces características de Vigo desenvólvense do seguinte xeito: s. (substantivo), f. (feminino), m. (masculino) adx. (adxectivo), v. (verbo), v.pr. (verbo pronominal), adv. (adverbio), prep. (preposición), loc. prep. (locución preposicional) sin. (sinónimo), var. (variante).

Abesouro *s.m.* Abellón que vive no chan e fai moito ruído ao voar.

Abillar *v.* 1. Beber viño. 2. Encertar calquera recipiente que teña viño. 3. Pórle a billa a un bocoi.

Abisinia/o *s.* Persoa asocial, fuxidía, esquivo, que non se leva nin fala con ninguén e que mira atravesado. *sin.* **corcón**, **toutisa/o**, **sulú**.

Aboafé *s. e adx.* 1. Infeliz, parvo, inocente, inxenuo. *var.* **boafé**. 2. Persoa sen personalidade sobre o que todo o mundo é a mandaricar. *var.* **boafé**.

Aboiada/o *s. e adx.* Dise cando unha persoa está aburrida, desganada, apática, sen ansia ningunha por facer nada. Adoita empregarse cos verbos *andar* ou *estar*.

Abucharar(se) *v.* 1. Meterlle medo a unha persoa (*Deille un berro e abuchareino*). 2. Ter medo, acovardarse, recuar (*Abucharouse e non quixo meterse no túnel canda nós*).

Acastañada/o *adx.* 1. Da cor granate ou vermella escura. 2. Da cor da castaña.

Achansar *v.* Poñer plana unha superficie rugosa ou irregular.

Achantadas, Ás *s.f.pl.* Xogo que consistía en que o neno que apouchaba tiña que descubrir os que se escondían (*Xogabamos ás achantadas toda a tarde*).

Achantar *v.* 1. Ocultar(se) ou esconder(se) detrás ou debaixo de algo, principalmente por baixo do chan (*Achantou as xoias no faiado / Achantouse detrás dun penedo*). 2. Ceder, resignarse.

Achante *s.m.* Lugar onde se oculta ou esconde algo, sobre todo se está debaixo da

terra. (*Démoslle co achante dos cartos*).

Acompañamento *s.m.* 1. Procesión de mortos tamén chamada Compañía ou Esta-dea. 2. Acción de acompañar unha persoa aflixida, nun velorio, nun funeral ou nun mal momento.

Aconado 1. *adx.* Home pusilánime dominado por unha muller, polo xeral a nai ou a esposa. 2. *adx.* Home covarde, pusilánime, indeciso, medoso.

Aconar(se) 1. *v.* Mandar ou decidir unha muller sobre o home e/ou o(s) fillo(s) varóns. 2. *v.pr.* Deixarse mangulear un home pola nai, pola compañeira ou por outra muller da familia. 3. *v.pr.* Acovardarse, coller medo.

Afuranchar *v.* 1. Abrir as portas dun furancho ao inicio da tempada deles. 2. Encertar un bocoi ou pipote de viño da casa.

Afurricar(se) 1. *v.* Derrubarse ou abaixarse unha persoa ou un animal por efecto dun peso ou do cansazo. *sin.* **esfurricarse**. 2. *v.* Renderse, desistir, pedir papas.

Agharimo *s.m.* Primeira comida do día que se lle dá a algúns animais (*Voulle dar o agharimo á toura*).

Aghua *s.f.* Líquido incoloro e insípido do que están compostos os mares, lagos e ríos.

Aghuadisa/o *adx.* Persoa que devece por algo ou por alguén. *var.* **aghuadiseira/o**.

Aghuadisar *v.* Devecer ou facerse auga na boca por un alimento, un obxecto ou (metaforicamente) por unha persoa que se desexa moito.

Aghuadiseira/o *vid.* **aghuadisa/o**.

Aghuaneira/o 1. *adx.* Persoa olleirosa de cara e corpo delgados e aspecto delicado ou enfermizo. *sin.* **mico**. 2. *s.m.* Rato pequeno. 3. *s.m.* Caco, persoa que comete pequenos furtos. 4. *s.m.* Persoa envexosa.

Aghuanón *s.m.* Rato grande que se adoita atopar nos muíños.

Aireada *s.f.* Aire maligno que supostamente provocan certos animais (sapos, cobras etc.) e que causan irritación de pel, malestar etc.

Airo *s.m.* Vento, aire.

Alabarada/o *vid.* **alabascada/o**.

Alabarar *vid.* **alabascar**.

Alabascada/o *adx.* Comida ou alimento torrado ou queimado por fóra e cru ou case cru por dentro. *sin.* **alabarada/o** [en Castrelos e Freixeiro].

Alabascar *v.* Queimar(se) ou torrar(se) por fóra un alimento pero por dentro quedar cru ou case cru, sen asar ou fritir. *sin.* **alabarar** [en Castrelos e Freixeiro].

Alabote *s.m.* Peixe plano de altura (*Hippoglossus hippoglossus*) chamado *fletán* por influxo do castelán (a forma galega é unha adaptación do inglés *halibut*).

Albeira *adx.* Muller que anda á procura de homes. *sin.* **toureira**.

Alcabrex/a/o *s. e adx.* Persoa nativa ou veciña de Alcabre.

Alcouve *s.* Sementeira onde se crían algunhas plantas novas antes de seren transplantadas ao campo.

Almorso *s.m.* 1. A primeira comida do día pola mañá cedo. 2. Comida de media

mañá nos traballos colectivos. *sin.* **as onse**.

Alombar *v.* Abusar e cargarlle a outra persoa todo o traballo (*O Minso non fai máis ca alombar e despois a berregheira chupámola nós*).

Amasurrada/o *adx.* Miolo demasiado espeso e compactado dunha masa.

Amasurrar *v.* Quedar a masa dunha comida ou torta demasiado compacta, madiza e espesa, pouco fluída, e por iso despois cocer mal e non quedar esponxada.

Amboliada/o *adx.* Persoa que está moi cansa por falta de descanso ou polos efectos do alcol ou das drogas. *sin.* **moncoleada/o**.

Ameixa *s.f.* Sexo feminino. *sin.* **cona, conacha, fandanca, raghaña, raghañeta**.

Amoinarse *v.* Encollerse, retraerse coa vergoña ou coa timidez.

Andexa/o *v. e adx.* Persoa que non ten paraxe, que anda seguido dun lado para outro.

Antre *prep.* Entre.

Apampanada/o *vid.* **apapostiada/o**

Apampirolada/o *vid.* **apapostiada/o**

Apapostiada/o *adx.* Persoa que se move, pensa ou actúa con torpeza e lentitude. *sin.* **apirolada/o, apampanada/o, apampirolada/o**.

Apaxaretada/o *adx.* Aparvada/o, boub/a/o, distraída/o, enganada/o.

Apaxaretar *v.* Aparvar, distraer ou paralizar alguén con contos, falsas promesas e palaballada.

Apetourar 1. v. Comerem ou golpear em algo as aves co petouro ou peteiro (*petouro*). 2. v. Petiscar, comer anaqüíños pequenos repetidamente.

Apetoure *s.m.* Acto ou acción de apetourar. *sin.* **picoteo**.

Apirolada/o *vid.* **apapostiada/o**.

Apouchada/o *adx.* Persoa que non se atopa ben de saúde e non ten ganas de facer nada. Emprégase sobre todo referido a criaturas.

Apouchar 1. v. Apandar, levar a parte negativa nos xogos infantís. 2. v. Cargar cunha responsabilidade ou cun traballo.

Aquelar(se) 1. *v.pr.* Enfadarse. 2. v. Verbo comodín cuxo significado depende do contexto no que se use, dado por suposto entre as persoas que se comunican (*-Aquelaches a cama? -Non, pero xa aquelei o que me mandara meu pai?*)

Arenque *s.m.* [Hum.] Cigarro.

Armar [a viña] v. Meter canas atadas con vimbios entre os arames dunha viña ou lata para lle facer a estrutura.

Arrechegar v. Achegar, arrecadar, xuntar.

Arruar v. Botar abaixo, derrubar.

Asio *s.m.* Conxunto ou piña de uvas ou bagos. *sin.* **camballo, canghallo, cancello**.

Atuxo *s.m.* Atado, nó, lazada.

Baldeira *s.f.* 1. Parede lateral taboada dun carro que serve para soste a carga. *sin.* **caniza**. 2. Cada unha das paredes da caixa dun camión de carga. 3. Protección lateral dalgunhas camas e berces que se pode subir e baixar.

Baldreu *adx.* Persoa mal vestida e desaseada. *sin.* **bandallo, estepor**.

Baldrucar 1. v. Caer auga dun caldeiro ou recipiente polos bordes por efecto do movemento ou traslado. 2. v. Regar ou humedecer algo introducindo unha man nun caldeiro e salpicando repetidamente. 3. v. vomitar. *sin.* **ghomitar**.

Baldrugar v. Facer ruído un líquido ao saír dun recipiente, como o sulfato ao sulfatar.

Bandallo 1. *s.m.* Persoa sucia e descoidada. *sin.* **baldreu, estepor**. 2. *s.m.* Persoa preguiceira.

Banseiro *s.m.* Cada unha das travesas que van da cabeceira aos pés da cama e que serven para soste o somier.

Barbos *s.m.p.* Mancha de comida ou bebida arredor dos beizos (*Mira que barbos lle quedaron de beber tinto de Barrantes*).

Barco-da-vella *s.m.* Arco da vella (cruzamento con arco-da-vella, se cadra porque un barco dado volta na area ten forma combada).

Barolenta/o *adx.* [Corpo ou obxecto] cuberto.

Barolo *s.m.* Carepa de fungos que recobren un alimento ou un corpo húmido en descomposición.

Bateghada *s.f.* Chuvia forte e de pouca duración (*Caíu unha bateghada tan forte que me deixou mollada coma un pito*).

Batume *s.m.* Mestura de excrementos animais con palla, toxo etc., que se saca das cortes para estercar a terra e volvela máis fértil. *sin.* **estrume, molieme**.

Becha s.f. Víbora, serpe ou, en xeral, calquera réptil que poida facer algún mal.

Bechas s.f.p. (*Enterobius vermicularis*) Parasitos do intestino humano que producen un proído na rexión anal.

Becho-de-lus vid. **lusincú**.

Becho-sen-cu vid. **lusincú**.

Beillar v. Moverse ritmicamente ao son dunha música. *sin.* **bailar**.

Bembrivexa/o s. e *adx.* Persoa nativa ou veciña de Bembrive.

Berete 1. s.m. Peixe mariño tamén chamado rubio ou escacho (*Chelidonichthys Lucerna*). 2. s. Ditado tópico ou xentilicio popular das persoas de Chapelá-Redondela. *sin.* **chapeleira/o**. 3. vid. **peperete**.

Berreghar 1. v. Bearen os carneiros, ovellas e cabras. *var.* **borreghar**. 2. v. Rifar, reprender [a alguén]. (*Meu pai berreghoume por cheghar tarde*).

Berreghera s.f. Rifa, reprensión.

Bica s.f. Cría de rato mouro e pequena, duns 5 cm.

Bicoreta s.f. Xesto coa cara (*Como sigha a faser tantas bicoretas, vai ter futuro na mímica*).

Birlar v. Roubar algo disimuladamente (*Birláronlle a carteira na festa dos Liñares*). *sin.* **ghispar**.

Boafé vid. **aboafé**.

Boana s. Persoa que anda moi lixeira a facer as cousas, ás veces antes de tempo. (*Teu pai é un boana, aínda non viu o frío de xaneiro e xa está a podar*).

Boghón 1. s.m. Peixe mariño de cor verdosa con pintas negras no dorso e abranzado no ventre (*Sarpa salpa*). 2. s. Ditado tópico ou xentilicio popular das persoas de Teis.

Bolecha s.f. Meixela regordecha.

Bolechas s.m. Neno ou rapaz regordecho, e por tanto que ten *bolechas*.

Bolechuda/o *adx.* Persoa adulta coa cara redonda e rechoncha.

Bolorio 1. s.m. Bóla de cristal algo máis grande do normal e usada para xogar ás bólas. 2. s.m. Bóla ou doa para adornos de colares, lámpadas etc.

Borreghar vid. **berreghar**.

Borrisar v. Chover miudiño. *sin.* **poallar**.

Borriso s.m. Chuvia miúda. *sin.* **poalla**.

Bousán s. e *adx.* Persoa nativa ou veciña de Bouzas.

Boutiseiro s.m. 1. Rito iniciático dunha persoa para a relixión cristiá. 2. Festa familiar que se organiza co achague do rito anterior. *sin.* **bautiso**.

Braghanta/e s.m. Persoa que lle escapa ao traballo. *var.* **braghantón/a**. *sin.* **calloa**, **lacasán/a**, **vaghamunda/o**.

Braghantería s.m. Non ter gana ningunha de traballar nin de moverse.

Braghantón/a vid. **braghanta/e**.

Braso-de-mar s. Persoa que se ofrece para todo tipo de axudas e traballos, aínda que polo normal é bastante chafalleira.

Cabaleiro s.m. Contractura forte no pescozo que o inmoviliza para mover ou xirar. (*Durmin no bus nunha mala postura e despois tiña un cabaleiro no pescoso*).

Cabana *s.f.* Hórreo en Chantada-Castrelos.

Cabaneiro *s.m.* Alboio, alpendre, chilote.

Cabaseiro *s.m.* Hórreo circular, pequeno e troncocónico con teito cónico vexetal.

Cabralexa/o *s. e adx.* Persoa nativa ou veciña de Cabral.

Cachar 1. *v.* Sorprender, interceptar, coller, prender. 2. *v.* Cortar no toxo. 3. *v.* Sachar para arrincar as malas herbas. *sin.* **escachar**.

Cacheirada *vid.* **cacheirón**.

Cacheirar *vid.* Furar, xutar moi forte cun balón.

Cacheirón *s.m.* Xute moi forte dado co pé no xogo do fútbol ou do rugby. *sin.* **cacheirada, cacheirazo, furolo, punteirolo**.

Cachena/o *vid.* **cochena/o**.

Cachicha *s.f.* Excremento das galiñas.

Cachimán *s.m.* 1. Persoa moi grande, forte e musculada. 2. Porteiro dun local. *sin.* **can de portas**.

Caghalla *s.f.* Excremento sólido dos animais.

Caghalleta *s.f.* Porción de excremento sólido de ovellas, cabras ou coellos.

Caghallón *s.m.* [col.] Bebedeira, borracheira, chea, chispa, tralla, trompa.

Caghanichas *adx.* Cagón, medoso, covarde. *sin.* **caghicas, caghón**.

Caghicas *vid.* **caghanichas**.

Caghón *vid.* **caghanichas**.

Caír *v.* caer.

Calamete 1. *s.m.* Persoa falsa que pon cara amable por diante mentres actúa con mesquindade ou ruindade por detrás [palabra composta con *cala* + *mete*]. 2. *s.m.* Noivo ou namorado que aparenta formalidade pero que en realidade só ten pretensións sexuais. 3. *s.m.* Home co que se manteñen relacións sexuais clandestinas. *sin.* **amante, amigo, cortegho**.

Calustra *s.f.* Hórreo (só na parroquia de Zamáns). *sin.* **canastro**.

Callán *s.* Persoa grande e sen xeito. *sin.* **callordas, langhrán, manghallón**.

Callordas *vid.* **callán**.

Calloa *vid.* **braghanta**.

Camballo *vid.* **asio**.

Camballón *s.m.* Lombiña lonxitudinal entre os sucos dunha terra labrada.

Can 1. *s.m.* Diñeiro, cartos. (*Non tiña un can pero sempre andaba a presumir*). 2. *s.m.* Canseira, esgotamento (*Hoxe non vou traballar porque teño un can no lombo que non me move*).

Can de portas [LS] 1. Vixilante dos antigos fie-latos. 2. [Coloquialmente e por extensión] Porteiro ou vixilante da porta dun local público (sala de festas, recinto deportivo etc.). *sin.* **cachimán**.

Canastro *s.m.* Hórreo feito todo en pedra ou en pedra cos entrepanos de madeira.

Cancallo *vid.* **asio**.

Cáncamo *s.* Persoa anciá e con moitos achaques físicos. (*A onde vai ir ao baile ese cáncamo se anda a caír e non pode nin cos pantalóns?*)

Cáncaro *s.* Macho da centola en Coruxo (*Lithodes santolla*).

Candea *s.f.* Folla do piñeiro, *sin.* **pico**.

Candollo *s.m.* Pedra grande e máis ben arredondada que para levantala fan falla as dúas mans. *sin.* **candullo**.

Candullo *vid.* **candollo**.

Canela! *expr.* Expresión de satisfacción absoluta, como *Estupendo! Excelente! O mellor do mellor! Marabillos!* *var.* **caneliña da boa!**

Canexa *s.f.* Rúa estreita ou corredoura. Se ten moita pendente chámase **canicosta**, mais se predomina o sentido de encaixada, escura e avesía é unha **canicouva**. *sin.* **canexón**.

Canexón *vid.* **canexa**.

Canghallo *vid.* **asio**.

Cangheira/o ou **canqueira/o** *s. e adx.* 1. Persoa nativa ou veciña de Cangas. 2. (Por extensión) Persoa nativa ou veciña do Morrazo. *sin.* **morraseira/o**.

Canicosta *s.f.* Canexa ou corredoura con moita pendente.

Canicouva *s.f.* Canexa ou corredoura encaixada entre casas ou valados, escura, húmida e lamacenta.

Canisa *s.f.* Estrutura de táboas finas ou vimbios trenzados que se pon en cada un dos lados do carro ou do remolque para que non caia a carga. *sin.* **baldeira**.

Caniso *s.m.* 1. Taboado que se pon na parte traseira do carro para que non caia a carga. 2. Canastriño troncocónico con paredes de varas trenzadas e teito

vexetal. 3. Portón horizontal traseiro dos camiós.

Cañota/o 1. *s.* Persoa que manexa de preferencia a man ou perna esquerdas. *sin.* **cochena/o**. 2. *s.* Persoa pouco ou nada hábil, torpe. *sin.* **toupello**. 3. *vid.* **marmanco**, **marmouxo**. 4. *s.m.* Pelo duro do queixo ou das pernas. 5. *s.m.* Talo dalgunhas plantas como verzas ou repolos. 6. *s.m.* Anaco pequeno do tronco dunha árbore que queda pegado ás raíces despois de talala.

Careca *s. e adx.* Persoa á que lle falta algo de cabelo ou que non ten pelo ningún na cabeza.

Carepa *s.f.* Costra ou postela dunha ferida. *sin.* **codia**.

Cameirada *s.f.* [col.] Grupo grande de xente, normalmente ruidosa. *sin.* **troupe**, **panda**.

Carrancholas *s.* 1. Neno ou rapaz que anda coas pernas moi abertas ou ten as pernas combadas ou arqueadas. *sin.* **conancas**. 2. Neno ou rapaz que anda cos pantalóns a caer por el.

Carravello *s.m.* Insecto coleóptero de forma arredondada, patas curtas e antenas en forma de maza (*Scarabaeus*). *sin.* **escaravello**.

Carriola 1. *s.f.* Insecto parecido ao grilo que no verán produce un son monótono, forte e estridente (*Cicadidae*). 2. *s.f.* Femia do grilo (*Gryllidae*). 3. *s.f.* Calquera aparello ou vehículo escangallado que ao funcionar renxe e emite ruidos metálicos ou estridentes. 4. *s.f.* Carraca, instrumento de madeira para facer ruído.

Carroucha *s.f.* Úsase só na expresión *Meterlle (a alghén) carrouchas na cabeza*

para indicar sorber o cerebro, abducir, “comerlle o coco” a alguén. Non sabemos se ten a orixe na *carroucha* vexetal ou no insecto.

Casapo 1. *s.m.* Cría da coella. 2. *s.m.* Meniño pequeno, dito moi cariñosamente.

Casas baratas *s.f.p.* Grupos de vivendas sindicais construídas durante o franquismo. Os barrios de casas baratas adoitan coñecerse popularmente con nomes “exóticos”: Wichita, Korea, Kantanga etc.

Cascada/o *adx.* 1. Persoa moi deteriorada fisicamente. 2. Obxecto avariado ou que falla moito.

Cascallo *s.* Persoa de mediana idade moi deteriorada fisicamente.

Cascar *v.* 1. Avariar(se) ou derramar(se) un motor ou mecanismo (*Cascoume o ordenador*). 2. Masturbarse. 3. Zoupar, bater, pegar, zoscar (*Queríanme cascar e fuxin a escape de all*).

Castañeiro *s.m.* Árbore que dá as castañas (*Castanea sativa*)

Castreleira/o *adx. e s.* Persoa nativa ou veciña de Castrelos.

Castrón *s.* 1. Persoa nada cariñosa. 2. Persoa bruta, violenta.

Cavouca/o *adx.* Persoa entremetida, excesivamente fisgona ou cheirona. (*Cavouco é o que lle mete o nariz no cu a outro*). *sin.* **cheirón**.

Chafarís *s.m.* Chorro de líquido que sae dunha fonte ou por presión de calquera corpo cara arriba.

Chaiñas *adx.* Persoa inútil, fallona, desacertada, pusilánime.

Chancada *s.f.* Pequena tarefa ou traballo extra que se realiza fóra do horario habitual. *sin.* **choiada**.

Chanqueletas *s.* Persoa moi informal.

Chapeleira/o *s. e adx.* Persoa natural ou veciña de Chapela-Redondela. *sin.* **berete**.

Chaplada 1. *s.f.* Golpe coa man aberta na cara, na caluga ou na parte posterior da cabeza doutra persoa. *sin.* **chaplazo**. 2. *s.f.* Reprimenda, corte verbal ou correitura que se lle dá a unha persoa impertinente, faltona ou lareteira. *sin.* **corredura**.

Chaplazo *vid.* **chaplada**.

Charnecadas *s.f.p.* Ditos ou feitos sen importancia (*Déixateme de charnecadas e durme dunha ves*). *sin.* **chencadas**.

Charrau *s.m.* Paxaro pequeno (*Passer domesticum*). *sin.* **charreu, pardal**.

Charreu *vid.* **charrau**.

Chascar *v.* Na sementeira das patacas, cavar superficialmente ao lado do suco facendo un segundo rego.

Chatolas *s.* Persoa de estatura moi baixa.

Chenca/o *adx.* 1. Persoa que aburre moito a outra polos temas dos que fala. 2. Falar barato, persoa que fala moito e non di nada.

Chencadas *s.f.p.* Ditos ou feitos sen importancia e repetitivos ata o aburrimiento. *sin.* **chamecadas**.

Cheirón *s.* Persoa entremetida, que quere saber de todo e de todos. *sin.* **cavouco**.

Chiflazo *s.m.* Destello lumínico fugaz e instantáneo. (*O coche de atrás deume un*

chiflase coas luses porque abrira o semáforo). 2. Chorro que sae ao premer un aerosol ou esprai (*Dun chiflase xa mato unha chea de moscas*).

Chimpín *s.m.* Tractor pequeno con ou sen remolque.

Chinghar *v.* Realizar o acto sexual. *sin.* **foder**, **pinar**.

Chiscar *v.* 1. Tocar lixeiramente ou rozar. 2. Abrir e pechar fuzadamente os ollos.

Chiña/o *vid.* **ghicha/o**

Chiote *s.m.* Alpendre, cabanote onde se gardan as ferramentas.

Choiada *s.f.* 1. [col.] Choio, traballo. 2. Traballo ocasional que se fai fóra do horario laboral. 3. Traballo parcial ou de escaso horario (*Teño que andar ás choiadas para chegar a fin de mes*).

Choio *s.m.* 1. Traballo (*Os pequerrechos dan moito choio*). 2. Muller de mala reputación.

Choqueira/o *s.* 1. Xentilicio popular aplicado á xente de Redondela. 2. Período de incubación dunha enfermidade, infección, gripe etc.

Chosca *s.f.* Derrota contundente. *sin.* **pallona**, **palleira**, **malleira**, **tunda**.

Chosiñas *adx.* Persoa pusilánime, indecisa, medosa, retraída, covarde.

Choucha/o *adx.* 1. Persoa delicada, enfermiza. *sin.* **poucha**. 2. Parva/o, aparvada/o apaxaretada/o. 3. Planta falta de zume (*As plantas están chouchas? Non, xa pegaron*).

Chusar 1.*v.* Introducirse con pillería e xeito nun lugar inesperado (*Chusouse e pú-*

xose de primeiro na ringheira). 2. *v.* Animar alguén a facer algo arriscado (*Chusaron nel ata que se tirou da ponte abaixo*). 3. *v.* Cravar paus, ferros, estelas etc. noutros corpos. (*Chuseille unha cuña e xa vai abrindo*).

Chuvias *s.* Persoa adulta moi infantilizada, pouco madura para a súa idade (*Ten xa corenta anos e seghe a ser un chuvias, xa podía mudar!*).

Clacha *s.f.* Cada unha das lamias horizontais dunha persiana.

Cochena/o *s. e adx.* Persoa que usa a man, a perna ou o pé esquerdos. *var.* **cache-na/o**. *sin.* **cañota/o**.

Codia 1. *s.f.* Parte externa dun corpo, da terra, do pan etc. 2. *vid.* **carepa**.

Colmeada/o 1. *adx.* Lugar ategado de insectos, normalmente moscas ou abellas. 2. *adx.* Lugar ategado de xente.

Conachas 1. *adx.* Home efeminado. 2. *adx.* Home sen carácter, moi manexable.

Conancas *s.* Persoa que ten as pernas arqueadas. *sin.* **carrancholas**.

Conechas *adx.* Persoa informal e desconfiable.

Contente *s.m.* Feliz, alegre.

Corcón *vid.* **abisinia**, **toutisa**, **sulú**.

Cornucho *s.m.* Extremo da barra de pan. *sin.* **currusco**.

Correó *s.f.* Alga filamentosa de cor parda que se emprega como fertilizante nos campos (*Chorda filum*).

Corredura *vid.* **chaplada** 2.

Corrida *s.f.* Calquera competición de velocidade. Deixouse de usar con este signi-

ficado por presión da linguaxe sexual do castelán. En portugués é así.

Corrusco *vid.* **currusco**.

Cortapisas *s.m.* Insecto duns tres cm que ten dous apéndices en forma de tenaces (*Forficula auricularia*).

Cortegha/o *vid.* **calamete** 3.

Coruxeira/o *s. e adx.* 1 Persoa veciña ou nativa de Coruxo. 2. Calquera obxecto característico orixinario de Coruxo: *ghame-la coruxeira*.

Cotrolo *s.m. e adx.* Persoa nova máis obesa ca regordecha.

Couro *s.m.* 1. Coiro. 2. Pel, peello (figuradamente).

Coutada *s.f.* Terreo particular e cercado no monte. *sin.* **tomada**.

Croio 1. *s.m.* Pedra redondeada das praias marítimas e fluviais. 2. *adx.* Persoa de aspecto desagradable. *sin.* **pello**.

Croque 1. *s.m.* Molusco chamado **berberecho** noutras partes de Galicia (*Cardiidae*). 2. *s.m.* Pote, golpe na cabeza que se inflama.

Cuitelo *s.m.* Forma dialectal do galego común **coitelo**.

Cullerfa *s.f.* Utensilio de cociña máis grande e longo ca a culler que se usa para tirar as comidas líquidas das potas, olas e tarteiras. É o galego común **cullerón**.

Cunca *s.m.* Recipiente cóncavo de diversos tamaños para tomar o caldo ou o viño.

Cunco *s.m.* Pía de pedra ou madeira onde se lle bota de comer aos porcos. *sin.* **ma-seira, pío**.

Curricha/o 1. *s.m.* Porca/o pequena/o. 2. *adx.* Persoa porcona e desaseada. 3. *adx.* Persoa que xoga sucio.

Currichada 1. *s.f.* Manda de porcos pequenos. 2. *s.f.* Porcallada, acción ou efecto propios de quen actúa coma un curricho. 3. *s.f.* Feito malintencionado que provoca un dano noutra xente. *sin.* **porcallada**.

Currusco 1. *s.f.* Extremo da barra de pan ou pirucho do molete. *sin.* **cornucho**. *var.* **corrusco**. 2. *s.f.* Bordo retorto da empanada. *var.* **corrusco**.

Curupela *s.f.* 1. Parte alta e posterior da cabeza, onde algunhas persoas teñen remuíños no pelo ou antes aos curas lles facían a tonsura. 2. Pelo levantado das persoas na parte alta e posterior da cabeza ou plumas levantadas das aves na parte alta da cabeza. 3. Penacho ou barbas do millo.

Debullar *v.* 1 Sacarlle os grans ao millo, feixóns, ervillas etc. 2. Gastar diñeiro (*Teu primo cando sae de festa debulla todo o que ten, é un man aberta*).

Delourar 1. *v.* Pór a secar ao sol roupa branca estendida sobre a herba, pór ao clareo. 2. *v.* Pór a secar rachas ou táboas de madeira en casteletes ou columnas para que lles entre ben o aire e lles dea ben o sol.

Demos *s.m.p.* Gromos nos cepos ou tocos dos eucaliptos.

Dempois *adv.* Despois.

Dende *prep.* Desde.

Denusiña *s.f.* Pequeno mamífero mustélido (*Mustela nivalis*). *sin.* **dinisiña**.

Derrouxada/o *vid.* **esbandallada/o**.

Dexenerada/o *adx.* Froita ou froito que nace máis pequeno ou estragado.

Dinisiña *vid. denusiña.*

***Dioladar** *v.* Chover a cachón, arroiar, diluviar. Suponse que procede de "chover a díola dar", de onde *dioladar* pasou a funcionar como verbo (*Dioladaba con muita forza pola mañán e por iso non poden ir á túa casa*).

Duaneira/o *adx.* Persoa amante de estar fóra da casa e andar de serán e de noite por bares e festas. *sin. pilinghrina/o.*

Emborrear *v.* Manchar (*Manda os rapases pra fóra que me están a emborrear o sofá cos sapatos*).

Emparrumada/o. *adx.* Ceo escuro, anubado ou con néboa (*Por aquí levamos xa uns días todos emparrumados*).

Emparrumar *v.* Toldarse, anubarse ou escurecer o día.

Empoutada/o *s.* Persoa que ten mala sorte ou á que lle ocorren desgrazas por causa do mal de ollo.

Empoutar *v.* Botar o mal de ollo, maldicir, desexar o mal a alguén.

Encourada/o 1. *adx.* Dise dunha peza de roupa branca ou saba branca mal lavada, que non está dun branco reluciente. 2. *adx.* Espida/o.

Encourar(se) 1. *v.* Pórse a roupa branca de cor ocre ou marea (da cor do *couro*) por non estar ben lavada. 2. *v.* Encoirarse, espirse.

Encunillada/o *s. e adx.* Persoa encollida ou enrodelada polo frío, o medo ou a vergoña.

Encunillarse 1. *v.* Agacharse apoiando o cu nos calcaños. 2. Acovardarse, recuar ou agocharse co medo.

Enghurrichada/o *adx.* 1. Persoa encollida, retorta ou cargada de ombreiros. *var. enghurriñada/o.* 2. Persoa con moitas engurras pola cara. *var. enghurriñada/o.*

Enghurrichar 1 *v.* Engurrar unha tea, un papel etc. *var. engurriñar.* 2. *v.* Encoller de tamaño unha persoa coa idade, *sin. andar enghurrichado.*

Enghurriñada/o *vid. enghurrichada/o*

Enghurriñar *vid. enghurrichar.*

Enlicar *v.* Converterse un vapor en líquido, por exemplo o vapor do bagazo en augardente ou o vapor da cociña ou do baño en pingas nos cristais das ventás.

Enludrar *v.* Encintar ou empastar con ludro unha fenda, unha fisgoa ou unha xunta para que non marche o vapor, a calor, un líquido etc.

Enmorroada/a *s. e adx.* Persoa anoxada, enfadada, de morros, enfurruñada.

Enrevirichada/o 1. *adx.* Retorta, enmarañada. 2. *s.* Fío, corda, cabo ou pelo que se retorcede, se enmaraña ou se pon de punta. *sin. reviricho.*

Enrevirichar(se) 1. *v.* Recorcer(se) ou enmarañar(se) fíos, cabos, pelas ou cordas. 2. *v.* Pórse algo de punta.

Insertar 1. *v.* Comezar a cortar ou a gastar [unha cousa que está enteira: pan queixo, xamón, unha botella de viño etc.]. (*Inserta ti aí o pan que xa inserto eu o viño*). 2. *v.* Chagarse a pel (*Leva muito tempo encamado e insertóuselle a cadeira*).

Entrompada/o *adx.* Cabreada/o, enfadada/o.

Entromparse *v.pr.* 1. Cabrearse, enfadarse. 2. Emborracharse.

Ervilla *s.f.* Legume redondo e verde chamado **chícharo** no resto do país (**ervilha** en portugués) (*Pisum sativum*).

Esbandallada/o 1. *adx.* Persoa moi cansa ou esgotada por causa dun sobreesforzo. *sin.* **derreada/o**, **derrouxada/o**, **escarallada/o**, **rebutada/o**. 2. *adx.* Aparello ou utensilio inservible polo desgaste ou polo uso.

Esbandallar 1. *v.* Cansar(se) moito. 2. *v.* Caer por un valado ou pendente. *sin.* **esnafrarse**, **esfragarse**. 3. *v.* Estropear(se) un aparello ou utensilio.

Escaravellar *vid.* **esgharavellar**.

Escaravello 1. *vid.* **carravello**. 2. *s.m.* Vara longa para picar nos bois.

Escarapelar *vid.* **escarepar** 2.

Escarepar 1. *v.* Quitar a carepa dunha ferida provocando que volva a sangrar. 2. *v.* Desescamarse a pel por seca (en feilla), queimazón ou enfermidade dérmica. *sin.* **escarapelar** (*Queimou o lombo co sol e agora vaille escarepar*). 3. [Metaforicamente] Recordarlle a alguén feitos tristes.

Escontra *prep.* Contra, cara a.

Escontrorabo *s.* Persoa que sempre leva a contraria, que sempre está a protestar ou a discrepar de todo.

Escornear *v.* Fungar, rosmar, estar sempre de mal humor (*Teu avó escornea día e noite contra os rapases que están a xogar e disque lle fan ruído*).

Esfanicar *vid.* **fanar**.

Esfíar *v.* Dar un estirón unha criatura.

Esgharavellar *v.* Facer buracos ou remexer na terra un animal coas patas ou unha persoa coas mans ou cun pau. *var.* **escaravellar**. *sin.* **esgharabetear**.

Esgharabetear *vid.* **esgharavellar**.

Espatuxar 1. *v.* Mover repetidamente as pernas (*A meniña espatuxaba moito no berse*). *sin.* **espernaxar**. 2. Mover repetidamente brazos e pernas (*Tirouse no chan e púxose a espatuxar coa rabia*). *sin.* **espernaxar**.

Espatuxosa/o *s.* e *adx.* Meniña/o lactante moi inquedo que espernexa moito e seguido.

Espernaxar *vid.* **espatuxar**.

Espichar 1. *v.* Enterrar ou cravar no chan un espicho. 2. *v.* Morrer. 3. *v.* Proferir un discurso.

Espiche *s.m.* Discurso público (anglicismo).

Espicho 1. *s.m.* Paucifío afiado usado para tapar un buraco que se facía por arriba nos pipotes de viño para que respirase ou para sacar viño. 2. *s.m.* Pau de ferro que se crava na terra ao que se ata a corda dun animal que paze para que non marche. 2. *s.* e *adx.* Persoa moi delgada

Esportelar *v.* Esfanicar ou fanicar o borde dun vaso, dunha cunca ou de calquera outro obxecto. *sin.* **nicar**.

Espulghar *v.* Escascar ou mondar as patacas.

Estepor *s.m.* Home mal vestido e desaseado. *sin.* **bandallo** 1.

Estercorada *s.f.* Desorde de cousas ou dun espazo e con sucidade. *var.* **esterqueira**.

Esterqueira *s.f.* 1. Lugar onde se bota o esterco. 2. Lugar moi sucio e desordenado. *var.* **estercorada**.

Estomballada/o *adx.* Deitada de costas e escarranchada.

Estomballar(se) *v.* 1. Deitarse de golpe e de costas. 2. Caer de golpe e de costas.

Estremontar *v.* Cavar de novo un terreo que leva tempo sen cultivar.

Estro *s.m.* Vexetación propia do monte que se utiliza principalmente para estercar a corte (*Vou botar un carro de estro na corte da vaca*). *var.* **estrume**.

Estrume *s.m.* 1. *vid.* **estro**. 2. *vid.* **batume**.

Euroghes *vid.* **ouroghes**.

Facotexo *s.m.* Cabalexo fraco e pequeneiro inservible para o traballo.

Falabarato 1. *s.* Persoa que fala sen parar ou que é moi falangureira. 2. *s.* Persoa que fala de máis e di cousas improcedentes.

Falacalada/o *s.* Persoa de poucas palabras ou que nunca abre a boca.

Fanada/o 1. *adx.* Persoa á que lle faltan un, varios ou todos os dentes incisivos e cairos. 2. *adx.* Obxecto lixeiramente roto nun borde.

Fanar 1. *v.* Quitarlle ou romperlle un anaquiño do borde dun obxecto duro, de porcelana, metálico etc. *sin.* **esfanicar**. 2. Romperlle un ou varios dentes a alguén.

Fandanca *s.f.* Órgano sexual feminino. *sin.* **ameixa, cona, conexo, conecha, paxara, paxareta, papos** etc.,

Fanica/o *s.* e *adx.* Persoa que fala con dificultade ao repetir algunhas sílabas. *sin.* **tatexo, tatelo**.

Fanicar *vid.* **esportelar**.

Faniquear *v.* Tatexar, tatalear.

Fariñoque 1. *s.m.* Burro que vai ao muiño con gran e volve con fariña, burro fariñeiro. 2. *s.m.* Persoa que trafica con drogas (con "fariña").

Faro *s.m.* Calquera xornal ou diario en papel (polo xornal *Faro de Vigo*).

Fasilota/e *s.* Persoa inocente, crédula e fácil de enganar (*Miña prima é unha fasilota, cre todo o que lle conta o moso*). *var.* **faselota/e**.

Favo *s.m.* 1. Niño de abellóns, normalmente baixo a terra. 2. Estrutura de cera dentro da colmea onde as abellas depositan as larvas, o mel e o pole.

Fecha 1. *s.f.* Cantidade de líquido contida nun recipiente para beber, sexa vaso, copa ou cunca. 2. *s.f.* Grolo dunha bebida alcohólica, preferentemente viño ou augardente.

Fechar *v.* Cerrar con chave unha fechadura ou un cadeado, ou pasarlle o ferrollo a unha porta.

Feita *s.f.* Ocasión, momento, vez, oportunidade (*Desta feita non penso chegar tarde*).

Feitío *s.m.* Excrementos dos coellos.

Feixón 1. *s.m.* Planta leguminosa de sementes alongadas (*Phasceolus vulgaris*). 2. *s.m.* Meniña pequena, dito moi cariñosamente (*Cólleme o feixón no colo un momentíño*).

Ferrete 1. *s.m.* Aguillón dalgúns insectos. 2. *vid.* (botar un) **foghete 1**.

Ferro do monte *s.m.* Pau ou panca de ferro empregado como ferramenta para mover pedras en diversos oficios.

Ferrote 1. *s.m.* Punta de ferro afiada que se lle pon ao trompo. 2. *s. e adx.* Persoa moi forte, dura (*Dende que anda no balonmán, teu fillo está feito un ferrote*).

Fervello *s.m.* Persoa que non para quieta un minuto. *sin.* **fuxefuxe**.

Foghetaso *vid.* **foghete 2**.

Foghete 1. *s.m.* Artificio de pólvora que se lanza ao ceo para que estoupe e faga ruído en festas e celebración. 2. *s.m.* Acto sexual. *sin.* **foghetaso, ferrete, pinada**.

Forrollo *s.m.* Aforros.

Fousa *vid.* **fousaña**.

Fousaña *s.f.* Fouce grande. *sin.* **fousa**.

Fousiño *s.m.* Fouce pequena.

Fraghoseleira/o *s. e adx.* Persoa nativa ou residente no Fragoselo-Coruxo.

Fuchicar *v.* 1. Remexer, enredar nun asunto sen facer nada de proveito *sin.* **fozar**. 2. Meter man ou facer o acto sexual.

Fuchicas *s.* Persoa que anda a fuchicar.

Fuíña *s.* Mustélido pequeno de cor castaña que ás noites anda á caza de ratos, pitos e outros animalíños (*Martes foiña*).

Fumareira *s.f.* Gran cantidade de fume.

Fumeiro *vid.* **funqueiro**.

Fumo *s.m.* Nubes que desprenden os corpos ao arderen ou os líquidos ao ferveren.

Funcho *s.m.* Planta recendente de sabor doce que se emprega como menciña e condimento alimenticio (*Foeniculum vulgare*).

Funqueiro *s.m.* Pau que sostíña lateralmente a carga do carro. Hoxe tamén é -humoristicamente- calquera pau alongado, bastón, caxato ou similar. *sin.* **fumeiro**.

Furabolas *s.* Persoa esperta e nerviosa que non ten paraxe. *sin.* **furafollas, furao-las**.

Furafollas *vid.* **furabolas**.

Furancheira/o *s.* 1. Persoa que rexenta un furancho. 2. Persoa á que lle gusta andar de viños e de troula polos furanchos.

Furancho *s.m.* Taberna temporal que se abre nunha vivenda particular para dar saída ao excedente de viño da casa. Mentres a casa é furancho pendura na entrada un ramallo de loureiro.

Furaolas *vid.* **furabolas**.

Furar *v.* 1. Perforar, facer buracos. 2. Xutar moi forte cun balón. *sin.* **cacheirar**.

Fureira *s.f.* Cada punto de venda ou casa onde as leiteiras vendían diariamente o leite.

Furghalla *s.f.* Furgoneta [dito coloquialmente].

Furrular *v.* Funcionar un motor, mecanismo ou aparello.

Fuxefuxe *vid.* **fervello**.

Ghaiata/o *s.* Persoa nova, adolescente.

***Ghaiba** s.f. Caranguexo pequeneiro e abrancazado que antes poñían de tapa nalgúns bares. Do xénero *Callinectes* (castelanismo americano).

Ghaldrumada 1. s.f. Lambetada, pastel, doce ou caramelo, alimento moi azucrado. *sin.* **ghaldrume, laghuchada**. 2. s.f. Comida toda remexida e de aspecto desagradable. *sin.* **lavadurada**.

Ghaldrumeira/o adx. Persoa afeccionada aos doces ou ás lambetadas.

Ghalla s.f. 1. *vid.* **ghallo** 1. 2. Vara, tralla, póla fina.

Ghallo s.m. 1. Póla que sae dun tronco. *sin.* **ghalla**. 2. Peza de fontanería ou ferraxería que se bifurca.

Ghamada/o adx. Persoa que non está ben da cabeza e á que lle dan arroutadas.

Ghancha s. Persoa malvada que sempre busca o dano dos veciños.

Ghandallas adx. e s. Persoa frouxa que lle escapa ao traballo ou ás responsabilidades. *var.* **ghandalleira, ghandallo**.

Ghandalleira/o *vid.* **ghandallas**.

Ghandallo *vid.* **ghandallas**.

Gharitada s.f. Construción mal feita e de pouco gusto.

Gharrucho s.m. Roldana ou polea empregada nas obras de construción.

Gheba/o *vid.* **ghicha/o** 1.

Ghicha/o 1. s. Indivíduo, paisana/o, parroquiana *sin.* **gheba/o, chiña/o**. 2. adx. [Persoa ou animal] moi atento, espelido, inqueda e intelixente (*O meniño tenlle tres mesiños pero mire que ghicho*

xa lle está). 3. adx. Froita ou verdura que está no seu punto de maduración e boa para comer (*Apáñame os repolos do eixido que xa están ghichos*) 4. s.m.p. Verzas finas. 5. adx. [Persoa] que viste mal, de forma chafalleira, rechamante e sen gusto (*Ter terá moitos cartos pero viste mui ghicha*).

Ghichar v. Espreitar, axexar, enxergar, esculcar, mirar atentamente mais procurando non ser visto.

Ghillada/o 1. s. Persoa que está mal da cabeza e que di ou fai tolerías. *sin.* **tola/o, trallada/o**. 2. s. Persoa moi namorada.

Ghillar 1. v. Tolear. 2. v. Namorarse tolamente.

Ghinsar v. Mandar o balón fóra do campo do xogo a un lugar de onde dificilmente se pode recuperar (*Tinso ghinsou o balón ao campo do abade, xa o podemos dar por perdido*).

Ghiñada 1. s.f. Defecación, cagada. 2. s.f. Fallo grande (metaforicamente).

Ghiñar v. Defecar, cagar.

Ghiripau s. Persoa alta e delgada.

Ghispar v. Mangar, roubar algo con disimulo.

***Ghívaro** *vid.* **abisinio, sulú, toutiso**.

Ghlorio s.m. Fecha ou grollo de bebida alcólica.

Gholdras s.m. Persoa que bebe calquera cousa e moi ás présas.

Ghorachas s.f.p. Sandalias (en Beade).

Ghorxear v. Gabarse, presumir (*Non me sento onda ela porque todo é ghorxear do ben que lle vai aos fillos*).

Ghunisela s.f. Muller, rapaza ou nena delgada, pequeniña e moi espilida.

Hadreira *vid.* Heireira.

Haireira *vid.* Heireira 1.

Hareira *vid.* Heireira 2.

Heireira *s.f.* 1. Hedra. *var.* **haireira**. 2. Persoa aguda, lista, espelida (*Esta rapasiña éche unha heireira, éche fina coma a lan de ghato*). *var.* **hareira**.

Labishome *s.m.* Home que, segundo a xente maior, se convertía en lobo nas noites de lúa chea. *sin.* **licántropo**.

Laghuchada 1. *s.f.* Larpeirada. *sin.* **ghaldrumada** 1. 2. *vid.* **lavadurada**.

Laghumeiro *s.m.* Tipo de álamo que medra nas ribeiras dos ríos e das pozas (*Populus*).

Lambisco *s.m.* Lavadura de mellor calidade, con restos de comida máis nutritivos

Lamosa/o *adx.* Dise do arroz ou doutras comidas cando están moi augadas.

Lamuxada 1. *s.f.* Lameira, terreo ou camiño moi encharcado e cheo de lama. 2. *s.f.* Despectivamente, comida excesivamente augada.

Lanchas *s.f.p.* [hum.] Zapatos que lle quedan moi grandes á persoa que os leva.

Langharetear 1. *v.* Falar moito. *sin.* **larear**. 2. *v.* Falar mal doutra persoa.

Langhareteira/o 1. *adx.* Persoa que fala moito ou fala de máis. *sin.* **linghoretas**. 2. *adx.* Persoa que fala mal doutras persoas, andar con contos. **linghoretas**.

Langhrán/na *adx.* Persoa grande, informal e desleixada.

Lansa de sol *s.f.* Radiación forte de sol que acaba por estragar algúns cultivos.

Larear *vid.* **langharetear**.

Lareca *vid.* **larica**.

Larica *s.f.* Fame lixeira, algo de fame. *var.* **lareca**.

Latrear *v.* Irse dun lugar (*Latrea, Sonia, que se chegha teu pai non te deixa saír*).

Lavadorés/a *s. e adx.* Persoa nativa ou veciña de Lavadores.

Lavadouro *s.m.* Lugar onde se lava a roupa, ben nunha pedra no río, ben nun tanque ou pío ao lado dunha fonte ou regato.

Lavadura *s.f.* Caldeirada de desperdicios alimenticios (principalmente mondas) mesturada con farelo e auga que se lles dá aos porcos para comer.

Lavadurada *vid.* **ghaldrumada** 2.

Lavaduras *s. e adx.* 1. Persoa porca e desleixada. *var.* **lavadureira**. 2. Persoa chafalleira.

Lavadureira/o *vid.* **lavaduras**.

Lava-o-limpo 1. *adx.* Dise da persoa -xeralmente muller- que bota o día a fregar, a limpar e a lavar todo dunha maneira obsesiva. 2. *adx.* Dise tamén -retranqueiramente- da persoa que se pon a lavar, fregar ou limpar moi excepcionalmente.

Laxeiro *s.m.* Parte inferior ou chan dun forno de pedra.

Lestre 1. *s.m.* Vento frío que entra por baixo das portas ou polas fendas dos marcos das ventás. 2. *s.m.* Punto cardinal.

Linghoretas *vid.* **langhareteira**.

Liño de raposa *s.m.* Planta parasita filamentosa de cor vermella que recobre os to-

xos (*Cuscuta epithymum*). *sin.* **fío de raposa, pelo de raposa.**

Lixarse v.pr. 1. Mancharse. 2. Cabrearse, enfiarse moito.

Lóbregha/o adx. [Andar, faiado ou baixo dunha casa ou edificio] que está sen dividir interiormente.

Lovada s.f. 1. Arroia de auga correndo por un camiño, unha rúa etc. 2. Canle ou rego por onde discorre a auga para o muíño.

Ludro 1. s.m. Masa ou pasta feita con auga e barro (antigamente con bosta) usada para selar a porta do forno e evitar que marche a calor. 2. s.m. Masa ou pasta feita con auga e fariña milla que se usa para selar a regandixa de unión entre o capacete e o alambique para que non marche o vapor. *sin.* **mestura.**

Lura s.f. Persoa raposeira, aproveitada, avara.

Lusincú s.m. 1. Insecto que ten luz propia e brilla de noite (*Lampyridae*). *sin.* **vella-comendo-nas-papas, becho-de-lus, becho-sen-cu.** 2. Persoa moi cativa.

Llala s.f. Ferramenta con mango longo de madeira e pa plana de metal.

Machorra s.f. Femia que non tivo crías ou que é estéril.

Machorro 1. s.m. Muller con actitudes e comportamentos tidos por moi maculinos. 2. s.m. Home que non sente atracción física por mulleres.

Maghón/a adx. Persoa insistente, repunanta, molesta, pesada e repetitiva nun asunto.

Manghallón/na adx. Persoa moi alta e forte.

Manghante 1. adx. Persoa á que non lle gusta traballar. 2. adx. Ladrón de obxectos de pouco valor.

Mandicanta/e s. Persoa á que lle gusta gobernar na vida dos demais. *sin.* **ghobernanta/e, mangheleteira/o.**

Manghar v. 1. Roubar, ghispar (*Mangháronlle a carteira na festa de S. Roque*) 2. Andar a pedir por non querer traballar (*Ese rapás sempre lle anda a manghar á madriña*). 3. Pegar, bourar (*Manghoulle unha hostia que o sentou*). 4. Pórlle o mango á ferramenta.

Manghelear v. Gobernar na vida e nas decisións dos demais. *sin.* **mangheletear.**

Mangheletear vid. **manghelear.**

Mangheleteira/o adx. [Persoa] moi disposta ou con moita iniciativa que quere gobernar na vida dos demais e decidir por eles.

Manghexo s.m. Na expresión “ter (algo) **en/de manghexo**”. Ter obxectos (roupa, ingredientes para unha comida, ferramentas etc.) á enteira disposición dun pero de maneira moi revolta e desordenada.

Manota/o s. 1. Persoa á que lle falta un ou os dous brazos, ou unha ou as dúas mans. 2. Persoa inútil para o traballo, ben por lacazana, ben por zoupona.

Manquelete s. Persoa á que lle gusta gastar moitas bromas (*Xa es un home para andares de manquelete, ten siso!*).

Maraña 1. s.f. Chave de judo ou calquera outra manobra para derrubar ou inmovilizar un adversario. 2. s.f. Reboutallo ou rebumbia de obxectos todos mesturados.

Maricallo *s.m.* e *adx.* Dise do home efeminado que sente atracción física por outros homes [forma moi pexorativa].

Marmanzo *s.* e *adx.* Persoa aparvada, zoupóna, parada, de razoamento e movementos lentos. *sin.* **marmouzo**.

Marmouzo 1. *vid.* **marmanzo**. 2. Persoa descoitada e desagradable.

Marreca 1. *s.* Chepa. 2. *s.* e *adx.* Chepudo ou cargado de ombreiros.

Martacona *s.f.* Muller preguiceira e porcalloña.

Masanseira *s.f.* Maceira, árbore que dá mazás (*Malus domestica*). *sin.* **maseira**.

Matamanexa/o *adx.* e *s.* Persoa nativa ou veciña de Matamá (chamada Matamán pola xente das parroquias de arredor).

Matar *v.* 1. Apagar a luz ou o lume (*Mata a luz, que hai que durmir/ Matei a fogheira botándolle aghua coa manqueira*). 2. Tirarlle a vida a un ser vivo.

Matiné *s.m.* Camisa fina, branca, de manga longa, con encaixe ou bordados nos puños e nos colares, que poñían as mulleres os días de festa ou en ocasións especiais (probable galicismo).

Méndiga/o *s.* Persoa que pide esmola.

Meniña/o 1. *s.* Persoa acabada de nacer. 2. *s.* Persoa ata os dous ou tres anos de vida.

Mestura *s.f.* Masa de tercerilla e auga que serve para selar o capacete do alambique. *sin.* **ludro**.

Metón *s.m.* Roldana de madeira usada nas obras de construción.

Mexilón *s.* Molusco bivalvo da familia *Mytilidae*. *var.* **mexillón**.

Mica/o 1. *vid.* **aghuaneiro**. 2. *s.* Xentilicio popular aplicado ás persoas de Baiona.

Mimela/o *s.* e *adx.* Dise da persoa mecosa e choromiqueira, repunantiña.

Mirapapisa *s.m.* Home que sempre camiña coa cabeza gacha mirando para o chan.

Mirica/o *s.* Cría da ovella. *sin.* **año, perica/o**.

Mística *adx.* Persoa con moitas manías e rarezas.

Moer *v.* [col.] Comer.

Moiniña *adx.* Persoa pusilánime, indecisa, tímida, parada, retraída.

Molote *s.m.* 1. Cantidade deforme e avultada de masa ou pasta espesa de cemento, cal ou terra, que se emprega, por exemplo, para taponar buracos, furros, saídas de auga, bueiros, regos etc. *sin.* **petote**. (*Eses obreiros son uns chafallas, deixaron polo chan un molote ghrande de semento*). 2. Masa deforme de auga con fariña. *sin.* **petote**. 3. Gran cantidade de calquera cousa (*Mandáronme chapar un libro que é un molote de 500 páxinas*).

Moncoleada/o. *vid.* **amboliada/o**.

Monico *s.m.* Caldeiro grande de albanel feito de goma e con dúas asas. Tamén se usa nas vendimas para apañar os acios. *var.* **munico**. *sin.* **capacho**.

Montón *s.m.* Persoa extremadamente torpe, inútil e desaliñada *sin.* **toupello**.

Moquenear *v.* Caerlle a un a cabeza por efecto do sono.

Moqueneo *s.m.* Movemento da cabeza de arriba a abaixo por efecto do sono.

Morraseira/o *s. e adx.* Persoa nativa ou veciña do Morrazo.

Morrillo *s.m.* Cascallo ou grava, pedra moi moída.

Morriña *s.f.* Sucidade pegada á pel. *sin.* **cotra, roña.**

Morriñosa/o *s. e adx.* 1. Persoa avara, usureira. 2. Persoa porca, sucia. 3. Persoa estúpida e desagradable. 4. Neno que quere facer algo propio de adultos pero non ten idade (*O morriñoso de meu fillo aínda non mexou na parede pero pediume para ir á festa de noite*).

Morto *s.m.* Pedra de gran tamaño que se chanta na terra para amarrar nela un arame que atiranta e suxeita un esteo ou a estrutura dunha viña.

Mostrador *s.m.* [hum.] Peito feminino prominente.

Mourillón *s.m.* Gurgullo do feixón verde e outras plantas (*Curculionidae*).

Mouteira 1. *s.f.* Melena moi avultada e esaxerada dunha persoa. 2. *s.f.* Formación arbustiva ou vexetal que sobresaia moito do terreo.

Moutillón *s.m.* Montíño ou valado de area que se forma nas praias pola acción do vento. *sin.* **duna.**

Mouxer *v.t.* Acción de lle tirar o leite ás vacas, ovellas e cabras para o consumo humano.

Muniqueiro *s.m.* Caldeiro pequeno de albanel, feito de goma e cunha soa asa metálica.

Nachaso *s.m.* Brecha ou corte profundo na cabeza ou na cara provocada por un impacto. *sin.* **nechaso, nichaso.**

Navián *s. e adx.* Persoa nativa ou veciña da parroquia de Navia.

Néboda *s.f.* Nébeda (*Satureia calamintha*), herba que se bota na cocción das castañas xunto co funcho.

Necha 1. *s.f.* Corte profundo e sangrante na pel dunha persoa producido por un obxecto cortante, unha puga, un borde metálico etc. 2. *s.f.* Golpe recibido que produce un negrón.

Nechaso *vid.* **nachaso.**

Nicharo *s.m.* Cavidade nunha parede dun cemiterio para meter un ataúde.

Nichaso *vid.* **nachaso.**

Niño *s.m.* 1. Aniñadouro, postouro das aves. 2. Esconderixo, achante, principalmente de cartos e obxectos de valor. 3. Cama.

Niquiricar *v.* Facer ou finxir que se fan cousas pero ao cabo non facer nada, remexer nas cousas aparentando que se traballa. *sin.* **ñañarear.**

Niquiricas *s. e adx.* Persoa que fai ou finxe que fai e ao cabo non fai nada. *sin.* **niquiriqueira/o, ñañareira/a.**

Niquiriqueira/o. *vid.* **niquiricas.**

Nontronte *vid.* **noutronte.**

Noseira *s.f.* Nogueira, árbore que dá as noces (*Juglans regia*).

Noutronte *adv.* Día antes de onte ("no outro onte"). *var.* **nontronte.**

Nuria *s.f.* Cabreo, incomodo, rabia (*Cada ves que o miro diante miña éntrame a nuria*).

Ñañarear *vid.* **niquiricar**.

Ñañareira/o *vid.* **niquiricas, niquiriqueira/o**.

Odre *s.* 1. Persoa parva ou aparvada. 2. Persoa de bandullo moi avultado ou prominente. 3. Persoa que come sen medida. 4. Persoa agarrada, egoísta, avara e acaparadora.

Oíés/a *s. e adx.* Persoa nativa ou veciña de San Miguel de Oia.

Ollar (de) *v.* Coidar dunha persoa ou dun animal, prestarlle atención. *sin.* **mirar (por)**.

Olo cacheiro *vid.* **tirisón**.

Ouroghes *s.m.pl.* Ourego (*Origanum vulgare*).
var. **euroghes, uroghes**.

Pachán *s. e adx.* Persoa paciente e tranquiota.

Paduana/o *s. e adx.* 1. Aparvado, abofé. 2. Pailán, rústico, aldeán, pallula.

Pai-fillo-nai *s.m.* Xogo do tres en raia.

Palleira *vid.* **pallona**.

Pallona *s.f.* Derrota contundente. *sin.* **chosca, malleira, palleira, tunda**.

Pallula/o *s.* Persoa moi ignorante que procede dalgún lugar remoto e atrasado. *sin.* **pailana/o, pailaroca/o, aldeá/án, montés/a**.

Pámpana/o *vid.* **aparvada/o, apapostiada/o**.

Pampana *s.f.* Xogo que consiste en que un rapaz apoucha e se pon de burro e outro(s) salta(n) por riba del.

Pantrigheira/o *adx.* Persoa ben mantida e de bo ver.

Parachoques *s.m.* [hum.] Suxeitador femenino (Para o aninovo mercou un parachoques encarnado).

Paraxe *s.f.* Detemento, detención, parada, acougo, descanso (Teu fillo non ten paraxe, é un fervello).

Parisia *s.f.* En Matamá: depósito grande de lixo, vertedouro.

Parseira/o *s.* Consogra/o.

Parsimonias *s.m.* Persoa que actúa moi lentamente.

Parvaxola/o *s.* Persoa coitada, con pouca intelixencia. *sin.* **parvolete**.

Parvaxolas *s. e adx.* Persoa que é simpática facendo o parvo e dicindo parvadas.

Párvoa *s.f.* Persoa de pouca intelixencia, aparvada, parvaxola.

Parvolete *vid.* **parvaxolo**.

Pasmada/o *adx.* Dise da madeira cando está húmida, retorta e mala de rachar.

Pasmar *v.* 1. Amolecer a madeira húmida e por iso ser mala de fender ou rachar. 2. Estar unha persoa ás verzas, distraída ou totalmente ida.

Pastrana *adx.* Dise da persoa calmosa, lenta, parada, de movementos e de pensamento.

***Patatilla** *s.f.* Pataca fritida cortada en láminas finas e embolsada (castelanismo).

Pateiro *s.m.* Xogo coñecido noutras partes por **billarda** ou **estornela**.

Patouro *s.m.* Petote, boliña de fariña milla con chourizo ou touciño dentro que se botaba a cocer na ola do caldo. *sin.* **petote**.

Pava *s.f.* Cabicha dun cigarro.

***Pavera/o** *s. e adx.* Simpática, divertida, ocorrente, graciosa, chistosa, agradable (castelanismo americano).

Paxareta 1. *vid.* **fandanca**. 2. *vid.* **paxaretas**.

Paxaretada *s.f.* Dito ou feito que demostra pouca ou ningunha intelixencia. Empregase sobre todo en plural (*Sempre conta as mesmas paxaretadas*).

Paxaretas *s. e adx.* 1. Individuo aparvado. *sin.* **paxareta/o**, **paxarola/o**. 2. Home moi influído e manexado por mulleres (nai, irmás, esposa etc.). *sin.* **aconado**, **conechas**. 3. Home efeminado. *sin.* **maricallo**.

Paxareteira/o 1. *adx.* Dise da persoa que louva ou gaba en exceso a outra. 2. *adx.* Persoa presumida que se gaba moito a si mesma. 3. *vid.* **duaneira/o**.

Paxarola/o *vid.* **paxaretas**.

Pedro Chosco *s.m.* Personaxe imaxinario que provoca o sono nas persoas, sobre todo nos nenos (*Anda por aí o Pedro Chosco que o meniño xa cae co sono*).

Peghar *v.* 1. Prender [unha planta] (*Non me peghou a orquídea que me deches*). 2. Prender un lume (*Peghoulle lume á toxeira e case lle arde a casa*).

Peirán *s.m.* Presa ou muro de pedra para remansar as augas do río e así poder desvialas para regar os campos ou para a levada dun muiño.

Pello 1. *s.m.* Disco de ferro que se lanza no xogo da chave ou pedriña plana para o xogo da *mariquitilla* (mariola). 2. *s.m.* **Ter pello**: ter sorte por casualidade. 3. *s.m.* Cada unha das peciñas que compoñen un mosaico, tesela. 4. *s.m.*

Anaco de louza ou cerámica desprendida dunha cunca, fonte, tarteira etc. / 5. *adx.* Persoa moi fea. *sin.* **croio**.

Pelouro *s.m.* 1. Pedra grande e irregular que cabe nunha man. 2. Chapa especial, máis grande cás demais no xogo das chapas.

Peperete *s.m.* Persoa de costumes libertinos. *sin.* **berete**, **piringhallo** ou **pirincallo**.

Pereiro *vid.* **perucheiro**.

Perica *s.f.* Ovella.

Perico *s.m.* Cría da ovella. *sin.* **año**, **mirico**.

Pero *vid.* **perucho** 1.

Perucheiro *s.m.* Pereira brava que dá peruchos. *sin.* **pereiro**.

Perucho 1. *s.m.* Variedade de pera pequena e silvestre, *sin.* **pero**. 2. *s.m.* Boliño de pan no alto do molete.

Peteiro *vid.* **petouro**.

Peto *s.m.* 1. Caixaíña para ir aforrando cartos que ten unha rañura para os introducir. 2. Aforro. 3. Bolsa pequena e con abertura cosida á roupa ou a outros obxectos que serve para levar cartos, chaves, carteira etc. 4. Coiraza ou armadura de certos animais como os crustáceos.

Petote *s.m.* 1. Persoa regordecha. 2. Persoa farta de moito comer. 3. *vid.* **patouro**. 4. *vid.* **molote**.

Petouraso 1. *s.m.* Golpe dado co **petouro** por unha ave. *sin.* **pinicaso**. 2. *s.m.* Cabezada dada na cara, cabeza ou corpo doutra persoa. 3. *s.m.* [Por extensión] Golpe dado cos puños na cara doutra persoa.

Petouro 1. *s.m.* Bico ou peteiro dos paxaros e das aves. *sin.* **pinico**. 2. *s.m.* Nariz ganchudo e prominente dunha persoa (pola súa semellanza co peteiro dun paxaro).

Pía *s.f.* 1. Recipiente alongado de pedra ou madeira onde se lle bota de comer ás galiñas e coellos. 2. Tanque grande de auga con forma de bañeira para lle dar de beber ao gando maior.

Piada *s.f.* Contido dunha pía (*Fai unha piada máis de masa pra rematar a parede*).

Picha 1. *vid.* **pisa**. 2. *s.f.p. vid.* **pixirilas**.

Piche *s.m.* Chapapote.

Pichiclás *s.m.* Tea de plástico impermeable e, posteriormente, chuvasqueiro feito desa tea.

Pico *s.m.* Folla do piñeiro. *sin.* **candea**.

Pilinghrina/o *adx.* Persoa amante de estar todo o día fóra da casa e andar de serán e de noite por bares, tabernas e festas. *sin.* **duaneira/o**.

***Pilón** *s.m.* 1. Tanque grande de auga onde se lava a roupa. *sin.* **lavadouro**. 2. Tanque de auga para beber o gando. *sin.* **pía**.

Pinada *s.* Acto sexual (*El ao que andaba era a buscar unha pinada*). *sin.* **ferrete**, **foghete**.

Pinante *s.* Persoa que ten moitas relacións sexuais. *sin.* **fodanchín**, **fodedor**.

Pinar *v.* Realizar o acto sexual. *sin.* **chincar**, **chinghar**, **foder**.

Pinchogható *s.m.* Reviravolta, salto con volta no aire ou apoiado no chan.

Pinghón/a *s. e adx.* Choromícas, choromiqueira/o.

Pinicar *vid.* **apetourar**.

Pinrel *s.m.* Pé. Úsase na expresión “ir a pinrel”, ir a pé (xitanismo).

Piña *s.f.* Golpe dado co puño na cara doutra persoa, pero de maneira menos forte ou contundente ca unha puñada (*Meu fillo e o teu andaban a piñas por unha parvada*).

Piñote *s.m.* Excremento humano máis ben duro. *sin.* **turullo**.

Pío *vid.* **cunco**.

Pión *s.m.* Buxaina, xoguete que consiste nunha peza de madeira de forma cónica, rematada nunha punta de ferro pola parte inferior, que se fai bailar por medio dun cordel. *sin.* **trompo**.

Piotada *s.f.* Masa cocida no forno que ten mala pinta, que vén amasurrada.

Piote *s.m.* Peza ou molete de pan de millo.

Piricoto 1. *s.m.* Cumio dun monte ou dun outeiro. 2. *s.m.* Parte máis alta dunha árbore, dunha casa, dun penedo etc.

Piringhallo *s.* 1. Persoa libertina ou de “moral despistada”. *sin.* **berete**, **peperete**. 2. Persoa excesivamente amiga das festas e das diversións nocturnas. 3. Persoa mal vestida.

Pirú *s.m.* Ave ginácea chamada **pavo** no resto de Galicia (**peru** en portugués) (*Melleagris gallopavo*).

Pisa *s.f.* Órgano sexual masculino. *sin.* **carallo**, **picha**, **pirola**.

Pisalleiras *s.* Persoa moi informal e de nula credibilidade. *sin.* **furafollas**.

Pisca *vid. pisca-pisca.*

Pisca-pisca *s.f.* Intermitente dos vehículos ou de calquera outro foco de luz (unha alarma, un faro, unha lámpada que falla...).

Pisco *s.f.* Paxaro que ten o peito rubio, **pa-porrubio** noutras partes de Galicia, **pisco** tamén en portugués (*Erithacus rubecula*).

Pispardo *s.m.* Ser imaxinario con que se engana un incauto ou un apaxaretado.

Pitiñosa/o *s. e adx.* 1. Persoa que ten os ollos moi pequenos ou moi pechados (e que se supón que por iso non ten unha visión clara). 2. Lagañosa/o. 3. Persoa de aparencia ou constitución física moi débil.

Pito *s.m.* 1. Interior dos doces pouco ou mal cocido por dentro (*O roscón tiña boa pinta, lástima que teña pito*). 2. *vid. carallo*. 3. **Pito cairo** Persoa moi cativa. 4. **Pito da peste** Persoa descoñecida, abandonada, fraca, enfermiza.

Pixirilas *s. e adx.* Persoa débil de carácter que é doadamente manipulable por calquera.

Poalla *s.f.* Chuvia finíña, chuvia en po (*po-alla*). *sin. borriso, chuisca, poalleira.*

Poallar *v.* Caer chuvia fina. *sin. borrisar, chuisca.*

Poalleira *vid. poalla.*

Podrico *s.m.* Viño que se perdeu, que se acedou ou avinagrou.

Porrilla *s.f.* Pequena maza para escachar pedras pequenas ou restos da canteira e facer **morrillo**.

Postouro 1. *s.m.* Achante secreto da chave da casa que só coñecen os seus habitantes. 2. *s.m.* Lugar secreto onde se agochan os obxectos e documentos de valor. 3. *s.m.* Lugar habitual onde se garda ou onde se pon algo (*Vai limpar o postouro dos sapatos / Quen me levou as chaves do postouro?*). 4. *s.m.* Lugar onde adoitan poñer as galiñas. *sin. aniñadouro, niño.*

Poucha/o *s. e adx.* Persoa delicada, enfermiza, débil. *sin. choucha/o.*

Poufeira/o *s. e adx.* Persoa á que lle gusta moito estar sentada e sen facer nada.

Poupa *s.f.* Ave que en galego común se chama **bubela** e en portugués **poupa** (pronunciado *pôpa*) (*Upupa epops*).

Prima/o dereita/o *s. e adx.* Fillá ou fillo dun tía ou tía carnal, curmá ou curmán.

Prixel *s.m.* 1 (*Petroselinum crispum*). Planta coas follas de cor verde escura que se emprega moito como condimento na cociña. 2. Persoa moi presumida que anda sempre moi estirada.

Punteirolo *vid. Cacheirón.*

Purrú *s.m.* Ventosidade anal. *sin. peido.* [Forma infantil onomatopeica].

Queimaferros *s.m.* [hum.] Ferreiro.

Quincallada *s.f.* Construción ou obra moi chafalleira.

Quirincosta *s.f.* Camiño de carro estreito e fondo, encaixado entre valados ou muros.

Rabisaco *vid. ranchabichos.*

Ramallaso *s.m.* Arroutada, manifestación súpeta dun sentimento ou comportamento.

Ranchabichos *s.m.* Ser ou monstro imaxinario co que lles metían medo aos nenos se non querían comer ou durmir. Cargaba ao lombo un fardel onde dician os vellos que levaba os nenos que non obedecían. *sin.* **home do saco, rabi-saco.**

Raparigha *s.f.* 1. Muller noviña, adolescente, quincela. 2. Noiva ou moza doutra persoa.

Raspelar *v.* Rozar un obxecto, pasar a rentes, a moita velocidade. *(Aquel coche pasouse a raspelar, case me leva por diante!).*

Ratear *v.* 1. Fallar un mecanismo ou o cerebro *(A moto ratéame nas costas, tereina que levar a arranxar/ Meu avó xa vai vello e empesa a ratearlle a cabeza).* 2. Ter carencias unha persoa nun determinado aspecto *(O neto máis vello sácame mui boas notas pero rateácheme nas matemáticas).*

Raul *adv.* Reforzo expresivo dun insulto *(Saca de aí, rau parvo! / Móvete de aí, rau toupello! / E ti fala calado, rau pámpano!).* Equivale ao castelán *so en jso tonto!*, por exemplo.

Rebo *s.m.* 1. Cachote pequeno que se puña para facer panca co ferro do monte e mover pedras grandes e pesadas. 2. Pedra pequena coa que se tapa un buraco entre dúas ou máis pedras grandes nunha parede.

Rebolecha/o *vid. rebolo.*

Rebolo *s.* Persoa regordecha e máis ben baixa.

Rebumbia 1. *s.f.* Conxunto desordenado de obxectos, persoas ou animais. 2. *s.f.* Ruído desagradable provocado por un grupo de persoas ou animais.

Relo *s.m.* Cosco da fariña.

Ren *adv.* Adverbio que significa *nada* pero un *nada* tanxible, medible, mercable, pesable *(Meu pai non me comprou ren pero non me importa nada).* *sin.* **nada.**

Rens *s.f.pl.* Zona lumbar do corpo humano.

Retellar *v.* Pensar moito, darlle moitas voltas á cabeza *(Desde que o botaron do choío, o Manolo bota o día a retellar no asunto).*

Revirichada/o *vid. enrevirichada/o*

Revirichar *vid. enrevirichar.*

Reviricho 1. *s.m.* Fío, floco, corda ou pelo retorto que sobresaia dun tecido ou da cabeza. 2. *s.m.* Aramio retorto que sobresaia dun obxecto.

Revoltallo *s.m.* Conxunto de moitas cousas sen orde nin método *(Que revolta-llo de patacas me trueches! Non as había máis grandes?).* Tamén era o nome dun festival anual de música en Valadares, actualmente chamado Revoltalliño porque inclúe actuacións infantís.

Rexer *v.* Ter conta de algo para que non se esgote nun determinado tempo *(Teño que lle rexer eu os cartos porque é un man aberta).* *sin.* **gobernar, administrar.**

Rexo *s.m.* Sentido común, sentidiño, tino, goberno *(Sufro ao pensar no pouco rexo que ten a miña filla máis nova).*

Rin *s.m.* Órgano que filtra o sangue e segrega os ouriños. *var.* **ren.**

Rincha *s.f.* Peixe azul tamén chamado **xarda** *(Scomber scimbrus).*

Río *s.m.* Tanque ou pío grande onde lavaban as mulleres, preto dun río ou dunha fonte. *sin.* **lavadouro**.

Roncoño *s. e adx.* Home ou animal macho que só ten un testículo.

Roña *vid.* **morriña**.

Roñosa/o *adx.* Persoa avara que aforra en exceso e dá o menos posible. *sin.* **cotroso, morriñoso**.

Sabichar *v.* Querer saber da vida dos demais para ila vertendo coma unha cesta (*Non quero andar coa Neves porque non fai máis que sabichar de toda a parroquia*).

Sachos *s.m.* Dentes incisivos grandes e/ou saíntes (*A miña neta xa lle saíron dous sachiños*).

Salghadouro *s.m.* Arcón de madeira onde se gardaba a carne de porco cuberta de sal para a súa conservación.

Salvota *s.f.* Muller que di moitas parvadas en voz alta e dando a nota.

Samanca *s.f.* Calzado rústico coa sola de madeira e a empeña de coiro. *sin.* **ta-manca**.

Samanexa/o *adx. e s.* Persoa nativa ou veciña de Zamáns.

Sancristán *s.m.* Forma vulgar de sacristán por cruzamento con *san(to)*.

Sancristía *s.f.* [hum.] Petrina (*Xepe, fecha a sancristía que aínda che vai saír o cura a disir misa*).

Sardomeira/o *adx. e s.* Persoa nativa ou veciña de Sárdoma.

Serdeira *vid.* **sereixeira**.

Sereixeira *s.f.* Árbore que dá as cereixas. *sin.* **serdeira** (*Prunus avium*).

Seviño *s.f.* Arbusto de follas con borde espiñado que dá bagas vermellas (*Ilex aquifolium*).

Sifro *s.m.* Insecto de patas longas e delgadas e ás transparentes que se alimenta de sangue e que adoita picarlles ás persoas polas noites. *sin.* **sínife**.

Sínife *vid.* **sifro**.

Sincotripas *s.* Persoa extremadamente delgada.

Soqueira/o *s.* Xentilicio popular aplicado aos do Porriño.

Sorra/o 1. *adx.* Obxecto húmido ou non moi seco (*Non collas as rachas de abaixo que aínda están sorras*). 2. *s.f.* Plataforma de madeira sen rodas que se utiliza para transportar cargas tirando dela por unha corda.

Sucre *s.m.* Substancia de cor clara, sabor doce e soluble en auga que se emprega para adoar os alimentos e bebidas.

Sudre 1. *s.m.* Augas fecais ou residuais, ou en xeral augas sucias. 2. *s.m.* Cheiro ou fedor moi desagradable.

Sulú *vid.* **abisinia/o, toutiso**.

Sumballo *vid.* **turullo**.

Surrichar *v.* Saír un líquido dun corpo con moita forza e presión.

Surrichaso *s.m.* 1. Chiflazo dun líquido, exacción súbita dun líquido, chafariz repentino. 2. [col.] Exaculación masculina.

Tangher *v.* Tocar, empuxar, aguilloar, chuzar para que un animal ou unha persoa

se movan (*Para que faghas algo hai que tangherite coma aos bois*).

Tanxiriña *vid.* **tinxiriña**.

Tapaportelos *s.* Filla ou fillo máis novos dunha familia, benxamín.

Tardo *s.m.* Ser mítico da imaxinación popular que asusta ou fai bromas macabras e se diverte a conta dos medos dos humanos. *sin.* **trasno**.

Tareco 1. *s.m.* Obxecto inservible, inútil, arrombado nun faiado ou nun baixo.
2. *adx.* Persoa pouco hábil ou torpe para o traballo.

Testeiro *s.m.* Calor forte e intensa do sol. (*Non te poñas ao testeiro do sol que che vai dar unha insolación*).

Teto *s.m.* Cada un dos cuarteiróns das laranxas ou das tinxiriñas/mandarinas.

Tibesa *s.f.* Calafrio.

Tinxiriña *s.f.* Mandarina. *var.* **tanxiriña**.

Tirar *v.* Extraer algo de onde estaba. *sin.* **quitar**, **retirar**, **sacar**. Para expresar lanzar, botar ou arrebolrar algo, emprégase coa preposición **con** (*Tira os cartos do caixeiro pero logho non tires con eles / Tira o caldo da pota pero ten cuidado e non tires con el por riba da mesa*).

Tirar con *v.* Lanzar, botar, arrebolrar, deixar caer algo a propósito (*Tira con iso na pa-peleira, ou non miras que está manchado?*).

Tirisón *s.m.* Gran molesto que sae na beira das pálpebras dos ollos. *sin.* **ollo cacheiro**.

Tolieiras *s.* Persoa á que lle dan frecuentes arroutadas ou fai as cousas sen pensar. *sin.* **toleirón/a**, **tolón/a**.

Tolón/a *vid.* **tolieiras**.

Torada *vid.* **berregheira**.

Torneselo *s.m.* Articulación do pé coa perna chamada **nocello** ou **artello** noutras partes de Galicia (**tornozelo** en portugués).

Torreiro *s.m.* Espazo público onde se celebran as festas da parroquia, onde se fan os bailes etc.

Toupeira 1. *s.f.* Mamífero cego que vive baixo terra e se alimenta de miñocas e vermes. 2. *s.f.* Montículo de terra que delata a presenza de toupas. 3. *s.f.* Persoa extremadamente torpe e inútil para facer calquera cousa. *sin.* **montón**, **toupello**.

Toupello *adx.* Persoa extremadamente torpe e inútil para facer nada.

Toureira/o *adx.* [Animal ou individuo] moi excitado sexualmente.

Tourón *s.m.* Teixugo, porco teixo (*Meles meles*).

Toutisa/o *s.* e *adx.* 1. Persoa asocial, fuxidía, esquiva, que non fala con ninguén e que ten un mal mirar. *sin.* **abisinia/o**, **sulú**. 2. Persoa indecisa, aparvada, pasmona.

Traír *v.* traer.

Tralla *s.f.* 1. Borracheira. 2. Verga, vimbia, pau, correa ou látego para bater nun animal ou nunha persoa.

Trallada/o *s.* 1. Persoa que está mal da cabeza e pensa ou fai tolerías. *sin.* **ghillada/o**, **tola/o**. 2. *s.f.* Xute ou lanzamento moi forte dun balón. *sin.* **cacheirón**, **verghallaso**. *var.* **trallaso**. 3. *s.f.* Golpe seco, forte e violento dado cunha tra-

lla, látego etc. *var.* **trallaso**. *sin.* **verghallaso**.

Trallaso *s.m.* 1. Xute moi forte dado a un balón. *sin.* **cacheirón**, **verghallaso**. *var.* **trallada**. 2. Impacto dado ou recibido cunha tralla. *sin.* **verghallaso**. *var.* **trallada**.

Tranca *s.f.* Borracheira.

Trinquillón *s.* Tratante de gado vacún ou cabalar.

Trisca *s.f.* Chaplada dada coa man nas nádegas de alguén (*Portouse mal e a nai deulle unhas triscas que lle deixaron o cu a ferver*).

Triscar *v.* 1. Facer ruído, estalar a codia dun alimento, a madeira do chan ou unha póla ao rachar (*Ghústame o pan que trisca*). 2. Rachar leña miúda e seca para prender lume (*Triscame aí uns gharabullos pra prender a fogheira*). 3. Restralar os dedos ou algunha outra articulación (*Non trisques os dedos que me dá moita grima*).

Tropello *s.* Criatura que se mete entre as pernas dos adultos e non deixa camiñar.

Troupe *s.f.* Grupo grande e ruidoso de persoas.

Trucasa *s.f.* Pombo (*Columba palumbus*).

Truita *s.f.* Forma dialectal do galego común troita.

Trupada *s.f.* Golpe impetuoso dado coa corna ou coa testa.

Trupar *v.* Lanzarse con ímpeto contra algo ou alguén, polo normal os animais que teñen cornos.

Trupón/a *s.* e *adx.* 1. Animal que acostuma a trupar. 2. Persoa moi insistente.

Turulón/a *s.* Toleirón, persoa que actúa sen pensar.

Turullo *s.m.* 1. Excremento humano máis ben duro. *sin.* **piñote**, **sumballo**. 2. Obra humana (cadro, escultura, estrutura) moi mal feita (*Vaia turullo pintou teu irmán*).

Uroghes *vid.* **ouroghes**.

Urrú *vid.* Persoa avara, usureira, agarrada.

Vaghamunda/o 1. *s.* e *adx.* Persoa pobre e sen lar que deambula polas rúas ou “vaga polo mundo” (vulgarismo por *vagabundo*). 2. *adx.* Persoa que non para moito na casa e anda sempre por fóra. 3. *s.* Persoa que non quere traballar.

Valadarexa/o *adx.* e *s.* Persoa nativa ou veciña de Valadares.

Vareixa *s.f.* Insecto semellante á mosca pero de maior tamaño.

Vasoura *s.f.* Utensilio que serve para varrer, vasoira.

Vella-comendo-nas-papas *vid.* **lusincú**.

Vento coneiro *s.m.* Vento molesto e con remuíños que vén de todas partes e lle ergue as saias ás mulleres.

Vento corneiro *s.m.* Vento moi forte que arrinca árbores e esgalla pólas.

Vento de travesía *s.m.* Vento forte con chuvia que vén do oeste, do mar.

Verghallaso *vid.* **trallaso**.

Viño de masán *s.* Bebida resultante do bagazo da mazá prensado e fermentado. En parroquias como Bembrive ou Candán era tradicional a elaboración caseira desta bebida. *sin.* **sidra**.

Virghallada *s.f.* Cousa bonita, ben feita, ben construída, fóra do común, estupenda, extraordinaria (*Pintache a moto e quedouche unha virghallada*). *sin.* **virghería**.

Virgheira/o *adx.* Cousa fermosa, ben feita, atractiva, extraordinaria.

Virghería *vid.* **virghallada**.

Vitrassa *s.m.* Acrónimo de Viguesa de Transportes S.A. que en Vigo acabou derivando en sinónimo de bus urbano.

Vitraseira/o *s.* Persoa que en Vigo conduce autobuses urbanos.

Xandoca/o *s.* Persoa aparvada.

Xira/o *s.* e *adx.* Favorecida/o, guapa/o, atractiva/a.

Xirinoca/o *s.* Persoa indolente, pusilánime, sen carácter, un miñaxoia. *sin.* **xiritó**.

Xiritó *vid.* **xirinoca**.

Xudiar (con) *v.* Meterse de broma con alguén, provocar amigablemente sen ánimo de ofender, só para facer rabiar.

Para rematarmos con estas achegas de léxico diferencial moitas veces non recollido en dicionarios, querían debullados uns mínimos apuntamentos onomásticos e toponímicos do noso concello, pois é na toponimia onde conservamos os mellores e máis auténticos fósiles lingüísticos:

Un é o do topónimo onomástico O **Xepemighel**, en Comesaña, no cal temos como primeiro elemento o hipocorístico galego **Xepe**, e non Pepe, pois aínda que este último nome familiar de Xosé sexa hoxe moi popular, non deixa de ser un catalanismo que nos entrou polo castelán hai menos de douscentos anos. Ademais de **Xepe**, outros hipocorísticos ou nomes familiares do nome Xosé son **Xe**, **Che**, **Chiño** e **Seso**. Todos os Xepes celebramos o día de san Xosé.

Outros microtopónimos interesantes son **Os Martises**, en Matamá, e **Brancamartíns**, en Lavadores, onde se conserva perfectamente o apelido duns antigos propietarios, *Os Martises* e *Branca Martins*, cun apelido impecable en galego occidental (con seseo final **Martís** ou **Martíns**) que desde o século XVI foi sendo castelanizado á forza en *Martínez*. Estas castelanizacións son hoxe legalmente reversibles (véxase <https://academia.gal/apelidos/busca>) e podemos restituír as formas verdadeiras dos apelidos deturpados.

E un derradeiro apuntamento onomástico é o que nos fornece o topónimo **A Maremighés**, en Bembrive, co apelido *Migués* (ou *Miguez*) ben acentuado no *é*. *Migués* (ou *Miguez*), significa fillo de Miguel, e non é *Miguez* do mesmo xeito que en castelán non é *Miguel* senón *Miguel*. Non esquezamos ademais que na ría da Arousa é moi común a variante *Miguéns*, coa sílaba ben acentuada (e coa terminación analóxica occidental *-ns* como *Fins* por *Fiz* etc.).

Ao rego dos cambios de acentuación dos apelidos, en Vigo temos moitos **Davila** (sobre todo en Cabral e Lavadores) e moitos **Falque** (todos os Falque do mundo están en Coruxo e en Navia) que ás veces son mal escritos como **Dávila* ou **Falqué* e logo mal pronunciados, desviacións acentuais estas forzadas pola ignorancia e polo castelán que son espalladas polos medios e que volven irrecoñecibles estes apelidos. Ao igual que é *Insua*, e non *Insúa*; ou *Araúxo*, con *ú* tónico, e non *Arauxo*; ou *Abalo*, e non *Ábalo*; ou *Nóvoa*, esdrúxulo, e non *Novoa*, o mesmo diremos de **Davila** (ou **Da Vila**) e **Falque**.

Á parte dos moitos apelidos comúns co resto de Galicia como Alonso (en galego correcto **Afonso**), Fernández, González, Iglesias (correcto **Eirexas** ou **Igrexas**), Martínez (correcto **Martins**, **Martís** ou **Martiz**), Méndez, Núñez (correcto **Núñez**), Pérez, Rodríguez etc., son característicos de Vigo apelidos como Abalde, Abreu, Cameselle, Caride, Comesaña, Costas, Davila (ou Da Vila), Docampo (ou Do Campo), Falque, Ramilo, Román, Seijo (correcto **Seixo**, apelido toponímico derivado dos varios lugares chamados Seixo en Beade, Cabral e Lavadores) ou Villar (correcto **Vilar**, apelido toponímico de Vilar-Lavadores) etc.

Toda a toponimia de Vigo ten que ter como forma oficial a forma galega, segundo prescribe o art. 10 da Lei de Normalización Lingüística de Galicia de 1983, aprobada por unanimidade no Parlamento e que rexe aínda. Como en todo o país, por castelanización ignorante, artificial e forzada, durante épocas pasadas acastrapáronse algúns dos nosos topónimos en aberracións ou adaptacións estrafalarias como *Corujo*, *Valladares*, *Sayanes*, *Oya*... que desde 1983 -hai case 50 anos!- por lei teñen que ser oficialmente *Coruxo*, *Valadares*, *Saíás*, *Oia* etc., para todo e en todas as ocasións.

Pouco a pouco vanse restituíndo estas formas auténticas e autóctonas nos usos oficiais e tamén na fala da xente, mesmo cando as persoas falan castelán, porque os nomes propios colectivos nunca se deberían deturpar nin deformar por capricho de ninguén. O único topónimo importante que se resiste a este efecto restitutivo e renaturalizador é *Valladares* porque así o seguen a utilizar ilegalmente algúns organismos, certas institucións públicas e algunha prensa escrita e audiovisual de Vigo (só hai que ler algúns xornais e a sinalética viaria instalada polas distintas administracións).

Verbo da forma auténtica e autóctona Valadares, Nicolás Taboada Leal, cronista oficial da cidade de Vigo, en 1840, no seu libro *Descripción topográfico-histórica de la ciudad de Vigo, su ría y alrededores, con una noticia biográfica de varios hombres ilustres, hijos del país*, e Francisco Ávila y la Cueva, historiador oficial do bispado de Tui, en 1852, (Luna & Navaza 2022: 14-17) expresábanse claramente a este respecto ao afirmar que:


“...[por esta época esta parroquia] se nombraba mas comúnmente *Valadares* y todavía muchos naturales del país, y con especialidad los vecinos de la parroquia, la denominan de este último modo [*Valadares*]”.

Por tanto, ningún poderá argüír nunca máis que “fue Valladares de toda la vida”. Que vida? A dos últimos 150 anos nunha historia documentada que ten máis de 1000? A súa existencia como Valadares xa está documentada centos de anos antes do título do marquesado, concedido nunha época en que o galego estaba prohibido, e aínda así este topónimo chegou na súa forma orixinal inalterada ata finais do XIX. O topónimo Valadares, que significa lugar onde abundan os valados, existe tamén en Galicia nos concellos de Forcarei, Oza dos Ríos, Outes, Pontevedra e Sarria; en Portugal rexístrase nos concellos de Monção e Gaia; e mesmo en Santiago de Compostela hai unha Rúa de Valadares. Sempre Valadares. Que razón hai para seguiren a denominar esta parroquia viguesa coa forma castelanizada e ilegal na prensa e na administración? Non é tradición recente ningunha, é ignorancia ou reticencia ao raciocinio e á (re)galeguización, en suma: é galegofobia. Pero é que aínda por riba o xentilicio popular desta parroquia segue a ser hoxe como foi sempre: *valadarexa/o*, con ele. Que máis probas queremos?

5.- RAMO


En resumo, poderíamos decer que na fala de Vigo hai (ou máis ben ata hai pouco había) dúas zonas lixeiramente diferenciadas: norte (FN) e sur (FS), e que existe unha zona de transición ou confluencia entre as dúas que denominamos Fragoso mixto (FX) onde poden coexistir sons ou voces de ambas as dúas zonas. As falas de Oia, Saiáns e Zamáns coinciden coas do FS para iren converxendo gradualmente coas solucións morfolóxicas e léxicas dos vales do Miñor (Gondomar, Nigrán e Baiona) e da Louriña (Mos, O Porriño e Salceda de Caselas).

FRAGOSO NORTE	FRAGOSO SUR
Gheada velar: <i>khicho de Vikho</i>	Gheada aspirada: <i>ghicho de Vigho</i>
Seseo apical: <i>sen veses</i>	Seseo predorsal: <i>çen veçes</i>
Acento interrogativo descendente	Acento interrogativo circunflexo
Léxico: <i>pardal, paporrubio</i> etc.	Léxico: <i>charrau, pisco...</i>



Mapa 16. As microzonas dialectais no Val do Fragoso

Poderíámonos estender con moitos máis diferencialismos verbais, por exemplo co radical de perfecto *tru-* do verbo *traer* en formas como *trúen* ou *truera*; ou co radical regular *hab-* do verbo *haber* no presente de subxutivo: *haba*, *habas* (xunto con *haxa*, *haxas...*) ou coas diferentes formas da P2 do presente de indicativo do verbo *ter*: *ti tès*, *tês* e *teis*.



Mapa 17: P2 do PI do verbo *ter*.

Ou con máis formas léxicas do Fragoso como a extensión de *funcho*/*fiúncho*, *feito*/*fento* ou *gado*/*gando*.



Mapa 18: *fiúncho*, *gando* e *fento* no SW de Pontevedra.

Pero non é o obxecto deste opúsculo ser un traballo académico exhaustivo, senón un libro divulgativo para a xente interesada e curiosa sen entrarmos en demasiadas fonduras filolóxicas e lingüísticas.

Iso si, por favor, esquezamos as parvadas que de cando en vez se publican por aí a pregoar que en Vigo temos unha xerga especial porque dicimos *collín un vitrasa, comprei un faro e comín patatillas*. Vaia cousas! Ir de Vigho pra Bousas! É o descubrimento da pólvora mollada de quen acaba de chegar a Vigo hai uns días ou de quen ignora que Vigo é moito máis cá Alameda, o Príncipe ou García Barbón, que hai un Vigo en Rorís, na Falcoa, na Espedrigada, en Mide, en Baruxáns, no Carballal, en Redomeira ou no Freixo que segue a falar o seu e o noso galego de sempre.

En Vigo temos unhas variedades dialectais galegas “coas súas cousiñas”, coma todas as áreas dialectais galegas. Pero estas cousiñas son as nosas, as que nos legaron os milleiros de viguesas e vigueses anónimos que viviron e traballaron nesta terra desde hai centos e miles de anos. Coñecermos a súa herdanza é o primeiro paso para valorala, amala, recuperala, difundila e incorporala con orgullo á nosa vida cotiá de hoxe en día.

E por último, a min faime moita graza cando alguén me pregunta: *¿Y luego tú eres de Vigo? Es que como hablas siempre en gallego...* Eu sempre lles respondo: “non, tes razón, eu non son de Vigo; eu son de aldea, pero son da maior aldea etimolóxica do mundo: **Vigo**, que vén do latín VICUS, que significa aldea. Pode que ti sexas de Vigo (afortunadamente de Vigo hoxe pode ser quen queira) pero eu concretamente son de Mantelas-Freixeiro, e meus pais de Castreliños e das Espadeiras, e meus avós e bisavós e tataravós de Lavadores, de Sárdoma, de Castrelos, de Beade, de Pereiró, de Teis, de Matamá e mesmo da Navia histórica”. E acabo por lle devolver a pregunta: *E logo ti de onde vés sendo? De Navacarneiro, de Cuernavaca ou de Cochabamba?* É que, claro, como sempre falas en castelán...

Bibliografía:

- Álvarez Blanco, R. & Xove, X. (2003): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Costas González, X.H. (1988): "As alteracións do /ε/ no suroeste galego", en *Verba* 15, pp. 385-391.
- Costas González, X.H. (1991): "O sufixo -eiro con valor uninumeralizador no suroeste galego", en *Homenaxe ó profesor Constantino García*, vol I, Santiago: USC, pp. 127-132.
- Costas González, X.H. (1996): *Aproximación sincrónica e diacrónica ó estudio das sibilantes galegas*. Tese de doutoramento inédita. Fac. de Filoloxía da USC.
- Costas González, X.H. (2015): "Un resto de latinidade en djudezmo, sardo e galego: a construción verbal paraperifrástica *Querer + participio*", en *Revista de Filología Románica* 32-2, pp. 213-223.
- Duncan, D. (2024): "An alternative view of the English alternative embedded passive", en *Linguistics* 62-4, pp. 1047-1084.
- Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía da Lingua Galega*. Vigo: Xerais.
- García Represas, D. (2001): "A necesidade e maila obriga en galego", en *Cadernos de Lingua* 23, pp. 89-116,
- González González, M. (1991): "Subsistemas de sibilantes no galego actual", en *Actas do XVIII CILPhR*, Tréveris, vol 3, pp. 531-548.
- Hermida Alonso, Anxos (2009): "Fraseoloxía de Matamá (Vigo)", en *Cadernos de Fraseoloxía* 11, pp. 283-304.
- Instituto da Lingua Galega (1990): *Atlas Lingüístico Galego* vol. I. *Morfoloxía verbal*. (1995), coord. Francisco Fernández Rei; vol. II. *Morfoloxía non verbal*. (1999), coord. Rosario Álvarez; Vol. III. *Fonética*. (2003), coord. Manuel González González; vol. IV. *Tempo atmosférico e cronolóxico*. (2005) coord. Francisco Fernández Rei; vol. V. *O ser humano* (I). (2015), coord. R. Álvarez, F. Dubert e X. Sousa; vol. VI. *Terras, plantas e árbores*. (2020) coord. Francisco Fernández Rei; vol.VII. *O ser humano* (II) (2021), coord. R. Álvarez, F. Dubert e X. Sousa. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- Luna, A. & Navaza, G. (2022): *Toponimia do Val de Fragoso. Nº 8: Valadares*. Vigo: Área de Normalización da Universidade de Vigo & Servizo de Normalización do Concello de Vigo.
- Mariño Paz, Ramón (2017) *Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Vila Tarela, María (2024): *La prosodia de la ciudad de Vigo. Patrones de las interrogativas absolutas con una perspectiva sociolingüística*. Traballo de fin de grao (TFG) inédito consultable no repositorio da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

EN GALEGO VIVO EN VIGO, EN GALEGO VIGO VAI

Agora, se queredes, podes ir anotando nesta folla outras palabras e expresións viguesas que coñezades ou que escoitedes e, se nos facedes o favor, podédesnolas enviar a faladoirosgalego@gmail.com ou anl@uvigo.gal, porque con este tesouro colectivo queremos ir facendo un peto para logo ilo espallando nas redes. Na páxina da Asociación Faladoiros-Vigo iremos engadindo o que nos enviades. Graciñas por queredes ser persoas viguesas e galegofalantes “con siensia e consiensia, con orghullo e alegría”:


[illegible]

Este libro imprimiuse o día 17 de maio de 2025
no Ano das Letras Galegas dedicado ás cantareiras populares.

Por iso lle queremos render homenaxe ás nosas avoas,
polo moito que cantaron nos labores do campo e da ribeira,
nos lavadouros, nas cociñas e nas lareiras, nos seráns e nas esfolas,
arrolando nos meniños ou rindo e botándolle copras
sobre abades, muiñadas e cornetadas.

Moendo, moe que moe,
moendo unha muiñada.
Moendo, moe que moe,
unha mañán de xiada (bis)

Moendo, moe que moe,¹⁴
moendo unha muiñada.
Moendo, moe que moe,¹⁵
unha mañán de tronada (bis)



¹⁴ Estas dúas estrofas sempre llas ouín cantar a miña avoa Aurora, nativa de Quirós-Sárdoma.

¹⁵ Rexístranse tamén versións cróticas dos dous últimos versos de cada unha das dúas estrofas: “Moendo, moe na cama/ unha noite de xiada” e “Moendo, moe na cama/ unha noite de tronada” ou “Moendo na túa cama/ unha noite de xiada” e “Moendo na túa cama/ unha noite de tronada”. O caso era moer.



A fala de Vigo

*Trazos diferenciais da variedade
dialectal do Val do Frago*

Este libro xurdiu o día en que a Asociación Faladoiros-Vigo lle encargou ao catedrático da UVigo Xosé-Henrique Costas unha conferencia sobre «A fala de Vigo». En Vigo, a cidade máis desgaleguizada de Galicia, o galego aínda está presente pola rúa, nos buses e nos mercados, nos bares e nas tendas e, sobre todo, nas parroquias.

Nas parroquias de Vigo o galego segue a ser aínda hoxe a lingua cotiá ou maioritaria de non poucos veciños e veciñas. A estas persoas acudimos para recoller os principais trazos fonético-fonolóxicos, prosódicos, morfolóxicos, léxicos e fraseolóxicos do falar do Val do Frago, algúns deles trazos exclusivos do noso concello e outros moitos compartillados coas falas do suroeste de Pontevedra.

En outubro de 2024 a UVigo lanzou a primeira edición desta obra. Agora, o Concello de Vigo

recolle o testemuño e publica unha nova edición, desta vez ampliada e mellorada verbo da primeira coa especial colaboración do profesor Ramón Anxo Martíns Seixo e da matamaneixa Anxos Hermida. En fraseoloxía recolleemos agora máis de 300 refráns, frases feitas e locucións típicas do galego falado en Vigo. En léxico apanhamos e asollamos máis de 800 voces e 1.300 significados diferentes de palabras características ou exclusivas do falar vigués. En ambos os casos a nosa pretensión foi a mesma: que os vigueses e viguesas máis novos lembremos como falamos na casa e que a xente que veu de fóra aprenda como falamos aquí, para aproveitarmos e reutilizarmos toda esta riqueza lingüística no noso galego actual e deste xeito axudar a normalizalo. Así é como falamos o galego as persoas de Vigo...



Área de
Normalización Lingüística
Universidade de Vigo



